



**SESION ORDINARIA DE 23 DE FEBREIRO DE 2021**

**(Acta número 02)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez  
D. Roberto Fernández Rico  
D. Xosé M<sup>a</sup>. Arias Fernández  
D. José Luis Raposo Magdalena  
D. Efrén Castro Caloto  
D. Javier Jorge Castiñeira  
D. Agustín Baamonde Díaz  
D. José Antonio García López  
D. Roberto García Pernas  
D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa  
D. Pablo Taboada Camoira  
D. José Jesús Novo Martínez  
D<sup>a</sup>. María Loureiro García  
D. Oscar Poy Franco  
D. José Pardo Lombao  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Ángel Santos Sánchez  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. González Abelleira  
D. José Manuel Gómez Puente

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

Sendo as once horas do día **vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e un**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a señora Deputada dona Mónica Freire Rancaño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

De acordo co sinalado na lexislación vixente, queda acreditado que os señores Deputados que asisten telemáticamente ao Pleno indicado no encabezamento desta Acta se encontran en territorio español.

Antes de dar comezo a sesión intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Antes de comezar quería recordar o que todoS saben, que hoxe hai corenta anos quixeron quitarnos o espazo de convivencia democrática. Así que celebrar un pleno provincial é sempre unha pequena celebración de normalidade democrática, como ocorre no día de hoxe, e baixo o meu modo de ver é un xeito de levar a cabo o mandado que cadaún de nós ten encomendado polos nosos veciños e veciñas, polos cidadáns da provincia de Lugo, que elixiron libremente nas urnas ós seus representantes municipais.

Así que vanme permitir que hoxe, que é día 23 de febreiro, os saúde de xeito especial e que os invite a todos a que renovemos ese compromiso coa democracia, unha democracia que resistiu corenta anos, como cumprimos hoxe, diante daquel ataque frontal, que nos quixeron quitar, e que entre todos temos a obriga de ir reforzando cada día, porque a democracia hai que alimentala día a día; e polo tanto deséxolles que teñan todos un bo pleno, e por suposto que sigamos disfrutando do noso sistema de convivencia democrática.

Dito isto, imos pasar ao primeiro punto da orde do día deste pleno”.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido.



“Vou dar lectura á Declaración Institucional con motivo do Día Internacional da Muller, que pactaron os Grupos Provinciais. Esta Declaración Institucional está asinada polos tres voceiros, despois dunha xunta de voceiros que houbo a semana pasada, e que paso a ler:

### **DECLARACION INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

“A Deputación de Lugo súmase ás reivindicacións do Día Internacional da Muller e reafirma o seu compromiso coa loita pola igualdade, plena e efectiva, e cos valores do feminismo, factores esenciais para acadar unha sociedade xusta e para a mellora da democracia.

Nacións Unidas elixiu neste 2021 como lema para o 8M *Por un futuro igualitario no mundo da Covid*, pois a realidade é que a crise sanitaria e a conseguinte crise social e económica provocada pola pandemia da Covid-19 afecta dun xeito máis grave ás mulleres e ás nenas. Como expresa este organismo internacional, a crise puxo de manifesto, tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres, como as cargas desproporcionadas que soportan.

Na pandemia, as mulleres están na primeira liña desempeñando un papel extraordinario, como traballadoras no ámbito sociosanitario, na ciencia, na investigación, dende os servizos esenciais, pero tamén asumindo a responsabilidade dos coidados no ámbito privado. Ao mesmo tempo, a raíz da pandemia xurdiron novos obstáculos, que se suman aos de carácter social e estrutural que persistían antes e que frean a participación, o progreso e o liderado das mulleres. Porque a pesar de que as mulleres constitúen a maioría do persoal de primeira liña, aínda están infrarrepresentadas nos espazos de poder e de toma de decisións.

A pandemia xerou importantes necesidades de coidados no ámbito privado, necesidades que foron cubertas, de novo, polas mulleres. Persoas dependentes ou maiores que non podían ser atendidos polos servizos públicos ou que precisaban coidado no fogar foron atendidos sobre todo por mulleres, que en moitos casos se viron obrigadas a abandonar o mercado de traballo para dedicarse a estes coidados. A a educación on line levou consigo tamén un maior esforzo de conciliación para as mulleres.

No eido económico, a crise cébase nas traballadoras. Son máis as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron malogradas as súas empresas, as que sufriron un ERTE e as que viron frustradas as súas carreiras profesionais. E por suposto, como lembramos o pasado 25N, as restricións de mobilidade implicaron unha ameaza engadida para as mulleres vítimas das violencias machistas, que, á incerteza da pandemia, sumaron a tortura de verse pechadas co seu maltratador.

Todas estas circunstancias teñen un impacto especial no medio rural, o maioritario na nosa provincia, no que as mulleres teñen máis dificultades para desenvolver un proxecto vital e profesional autónomo e no que o acceso ós servizos sociais que facilitan a conciliación é máis difícil.

Para cambiar esta realidade, agravada pola pandemia, é imprescindible afrontar unha transformación social e estrutural dende a perspectiva de xénero, dende os valores do feminismo, dende a evidencia de que a crise da Covid está afectando máis ás mulleres e dende o convencemento de que o retorno á normalidade non é suficiente para as mulleres, porque a normalidade de antes de que chegase a pandemia seguía a estar baseada na desigualdade.

Nesta tarefa, coma sempre, temos un papel compartido a sociedade, as mulleres, os homes, as familias, o tecido económico e as administracións públicas, que, cada unha, dende o noso ámbito de actuación e coas ferramentas das que dispoñemos, debemos loitar con pasos firmes para avanzar cara a igualdade plena e efectiva das mulleres.

Os cambios pasan pola educación en igualdade, por romper os roles de xénero, polo empoderamento das mulleres, pola igualdade de oportunidades, e por eliminar as brechas aínda pendentes, como a laboral e a salarial, a brecha dixital ou a brecha da corresponsabilidade.

Temos que recuperar a nosa economía, para que incorpore, recoñeza e promova en igualdade o traballo, o talento e a innovación que aportan as mulleres. Temos que acadar a igualdade salarial entre homes e mulleres, impulsar o ascenso das mulleres a postos de responsabilidade e impulsar unha educación que fomente a presenza das mulleres naquelas áreas do coñecemento no que aínda están infrarrepresentadas.



Temos que defender que os fondos europeos para a reconstrución se empreguen dende unha perspectiva de xénero. Que recoñezan o esforzo das mulleres ante a crise e que abran un novo abano de oportunidades ás iniciativas das mulleres, especialmente a aquelas que sofren de maior precariedade, as que máis precisan das políticas públicas.

E temos que reforzar en paralelo os nosos servizos públicos universais, gratuítos e de calidade, porque os teitos de cristal desaparecen lexislando, pero tamén incrementando os fondos da dependencia, ampliando os servizos de apoio ás familias e incrementando as prazas de residencias de maiores.

Neste ano 2021 celebramos o 90 aniversario da conquista do voto feminino no noso país. Un logro de Clara Campoamor no que soan os ecos de galegas ilustres como Pardo Bazán ou Concepción Arenal. Hai 90 anos que a nosa democracia acadou o seu sentido pleno, e sobre esa herdanza forxada con valentía e firmeza temos que seguir construíndo o futuro de igualdade e de liberdade de todas as lucenses, de todas as galegas, de todas as mulleres, atendendo as demandas dos movementos feministas e sindicais.

En Lugo a dezanove de febreiro de dous mil vinte e un. Asinado por Pilar García Porto, Jorge Javier Castiñeira, e Efrén Castro Caloto”.

A Declaración Institucional é aprobada por asentimento.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **2.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEMANDA DUN NOVO MODELO DE COIDADOS DE LONGA DURACIÓN CUNHA PERSPECTIVA INTEGRAL QUE ABORDE A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA NO SEU CONXUNTO.**

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O deputado provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en demanda dun novo modelo de coidados de longa duración cunha perspectiva integral que borde a atención a dependencia no seu conxunto.

*Exposición de Motivos:*

Esta proposta ven a facer fincapé na necesidade da mellora do modelo de coidados, especialmente os destinados a dependencia. Entre os que se atopan o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), a teleasistencia e as residencias e centros de día.

O Servizo de Axuda no Fogar converteuse dende a súa creación nun dos recursos de política social e axuda á dependencia máis demandados, de facto, case que 24.000 persoas no noso país eran usuarias deste servizo en 2019. Aínda que a competencia é da Xunta de Galiza a súa xestión foi derivada nos concellos,

Dende a creación do servizo de Axuda no Fogar, este pasou a converterse nun dos recursos máis demandados polas persoas, incrementándose progresivamente o número de usuarios/as. Tamén as necesidades foron mudando e foron detectándose eivas e carencias que urxen a súa adaptación á realidade e necesidades actuais tanto das usuarias e usuarios, coma dos propios Concellos. E é que os municipios están a asumir –sen os recursos económicos, humanos e materiais necesarios- a xestión e control practicamente en exclusiva deste importante servizo de atención a persoas maiores e dependentes.

A atención da teleasistencia apenas supera as 8.370 persoas nun país no que hai máis de 65.200 con algún grao de dependencia recoñecido e 122.731 maiores de 65 anos que viven soas

A teleasistencia non pode quedarse so na cobertura das persoas maiores de 65 anos cun grao de dependencia I, coma se indica dende o estado. Debese abordar un despregamento real e



efectivo da teleasistencia coma recurso fundamental e co obxectivo de dar cobertura progresivamente ao conxunto das persoas maiores de 65 anos que viven soas.

Trátase, en definitiva, de ir implementando un modelo de coidados máis humano e, sobre todo, máis público, que garanta o dereito á autonomía persoal e a unha vellez digna no que estas non volvan ser nunca máis un negocio.

Os números din que 8 de cada 10 prazas residenciais en Galiza son privadas e delas o 20% pertencen a DomusVi; 6 de cada 10 centros de día son privados e, por riba, non están na maior parte do territorio (de feito, 1 de cada 5 maiores de 74 anos viven en lugares onde o servizo de residencial e de centros de día é nulo ou moi deficiente). Non se entende que dende a Xunta se poida estar a favorecer que o dereito á vellez digna sexa un negocio. Debese rematar con isto e coa convivencia que a Xunta ten coas empresas e entidades privadas que xestionan a maior parte destes servizo.

Ante esta radiografía e cun dos maiores niveis de avellentamento de Europa, Galiza non pode soste o dereito a unha vellez digna sobre este nivel de privatización e precariedade dos servizos, polo que debemos pór o foco no deseño de políticas públicas orientadas a configurar un novo modelo de coidados de longa duración, un modelo integral que poña no centro a vida das persoas.

Debemos aposta por un modelo público e próximo que permita a permanencia nos propios fogares o maior tempo posible; que acompañe as persoas ao longo das distintas etapas vitais despregando un conxunto de servizos multinivel, e que faga ao conxunto da sociedade co-responsábel do coidado porque, ante a ausencia de políticas e servizos públicos son as mulleres as que asumen por enteiro un traballo non remunerado, non recoñecido e mesmo desprezado moitas veces.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo do seguintes acordos demandando da Xunta de Galiza:

- 1) A ampliación da atención e cuidados que reciben no domicilio as persoas dependentes tanto en contidos como de intensidade horaria.
- 2) O deseño, nun prazo de 6 meses, dun plan de despregamento da teleasistencia (básica e avanzada) dotado dos recursos económicos, humanos e materiais necesarios para garantir, progresivamente o acceso a este recurso de toda a poboación maior de 65 anos que viva soa.
- 3) O deseño dun plan, dotado dos recursos económicos necesarios, para duplicar durante a presente lexislatura, o número de prazas de centros de día de titularidade e xestión pública. Este plan deberá priorizar o acceso a este recurso naqueles concellos e comarcas que no contan na actualidade con este recurso.
- 4) O impulso dun novo modelo de residencias que contemple, entre outros: a ampliación da rateo de persoal de atención directa, a redución do seu tamaño na procura dunha atención máis personalizada e de maior calidade, a súa integración na contorna socio-sanitaria, a implantación dun modelo de xestión participativo que inclúa nel a familiares e residentes e a ampliación das prazas de titularidade e xestión pública, priorizando os concellos e comarcas que non contan a día de hoxe con este servizo.
- 5) O impulso e reformulación da libranza na contorna familiar, fomentando a igualdade entre homes e mulleres como familiar que exerce o cuidado non profesional. Así mesmo, dotándoo dunha rede profesionalizada por parte da Administración autonómica de supervisión periódica dos cuidados e formación para as familias.
- 6) O impulso da figura do asistente persoal contemplado no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:





“Antes de nada lembrar que mañá, vinte e catro de febreiro, é o día de Rosalía, a nosa poeta nacional, e convidalos a pasar polo Museo Provincial onde serán agasallados cun caravel branco e máis unha lámina adicada a un poema de Rosalía de Castro. Animámoslos pois a pasar por alí para recoller este agasallo e lembrar unha vez máis o importante papel na nosa lingua e na nosa historia dunha muller como foi Rosalía de Castro.

A creación do servizo de dependencia no ano 2009 foi un paso moi importante de cara ó compromiso como sociedade do coidado das persoas maiores e dependentes. O despoboamento, a emigración, deixou nas nosas parroquias moitas persoas maiores nunha soidade absoluta, e polo tanto falta de coidados no día a día.

O Servizo de axuda no fogar, a teleasistencia, as residencias e os centros de día son servizos cada vez máis demandados e que deben adaptarse á realidade social e ás necesidades actuais das persoas usuarias. No ano 2019 case 24.000 persoas do noso país foron usuarias do servizo de axuda no fogar; a atención da teleasistencia só chega a 8.370 persoas nun país no que hai máis de 65.200 con algún grao de dependencia recoñecido, e 122.731 persoas maiores de 65 anos que viven soas.

A pandemia do Covid-19 destapou e sacou á luz a situación de moitas persoas maiores en residencias privadas en condicións indignas que nos amosaron a cara real e o trato ás persoas usuarias e que nos avergoñaron cando vimos esa imaxes.

Os datos son claros, oito de cada dez prazas de residencias en Galiza son privadas, e delas o 20% pertencen a Domus Vi; seis de cada dez centros de día son privados e, por riba, non están na maior parte do territorio, de feito, un de cada cinco maiores de 74 anos viven en lugares onde o servizo de residencias e de centros de día é nulo ou moi deficiente.

Ante esta situación de falla dun servizo público de atención a persoas maiores e dependentes os coidados recaen de novo nas mulleres maioritariamente, véndose na obriga en moitas ocasións de ter que renunciar ó seu propio emprego; precisamos un novo modelo de coidados máis humano, e sobre todo máis público, que garanta o dereito á autonomía persoal e a unha vellez digna; un modelo integral que poña no centro a vida das persoas con residencias máis

pequenas e máis humanas, para que a ruptura das persoas co seu entorno non sexa tan abrupta e que garanta unha atención máis personalizada e polo tanto con máis calidade; que conten ademáis cunha maior integración sociosanitaria, e que permita a participación de residentes e familiares nos órganos de xestión.

A Xunta de Galiza non pode permitir que se faga negocio coa vida das nosas persoas maiores, estes meses xa vimos demasiadas irregularidades e comadreo do goberno de Feijóo con empresas e entidades privadas que xestionan a maior parte destes servizos, e que só buscan lucrarse á conta da precariedade laboral do seu persoal, e sobre todo denigrando os cuidados na velez das nosas persoas maiores”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sumámonos a esa onomástica que vostede fala da democracia, eses corenta anos da celebración do infructuoso golpe de estado; a mágoa é que moitos veciños e españois non o entendan e estean na rúa facendo o que entendemos que non é o lóxico nunha democracia.

En canto a este asunto, iniciamos este pleno unha vez máis o debate provincial do estado da autonomía, e coma sempre o goberno da Deputación pretende fiscalizar ó señor Feijóo antes ca dar conta da súa propia xestión. Neste caso, coma sempre, traen, aparte dun discurso catastrofista, a xestión da política social, iso din vostedes na exposición de motivos, tamén eu creo que trae unha carga de hipocrísía bastante grande, e vou explicarme.

Digo que é catastrofista porque vendo os últimos anos e vendo a evolución dende o ano 2009 os datos están aí; as residencias da Xunta de Galicia subiron un 44% máis de prazas ca no ano 2009. Nos centros de día, vou poñer xa neste caso o exemplo dos centros de día lucenses, hai 560 prazas contra as 200 que había no ano 2009, en toda Galicia había 980 prazas no 2009 e agora 3900. Somos líderes nacionais na cobertura do SAF, iso é unha realidade, a media galega está por riba de todas, 39 horas/mes/usuario, e polo tanto eu creo que non deberamos tampouco obviar estes datos. En canto á teleasistencia, 7236 horas, é certo que pode mellorar e así o di a Xunta de Galicia, e van subir 3000 horas este ano.



Que todo é mellorable?, por suposto que si; que se deben afrontar cambios despois desta crise do Covid na xestión das residencias e doutro tipo de coberturas da dependencia e demais?, tamén cremos que si, ademáis creouse unha comisión parlamentaria no Parlamento de Galicia precisamente para avaliar estas circunstancias.

Pero dende logo que dicimos que ademáis esta moción ten a súa carga de hipocrisía porque entendemos que faltan cousas, como esixir a responsabilidade ó Goberno do Estado que cumpra cos seus compromisos; a Vicepresidenta falou da dependencia no ano 2009 e había un compromiso, e ben o sabe o BNG porque o reclamou moitas veces, de financiar o 50% as autonomías e o 50% o Estado. A día de hoxe na Xunta de Galicia estamos en que o 75 o financia a Xunta de Galicia, con todas esas melloras, incluso melloras nas horas que se están dando en toda Galicia, e o Estado segue exactamente na súa liña do 30%. Dixo o Vicepresidente que ían intentar chegar ó 34% este ano, imolo ver, pero aínda así estamos por debaixo do 50%.

Isto recórdame un pouco a aquela proposta que se facía da dependencia e que non estaba valorada, que non se sabía se íamos ser capaces de poder cumprir con todos eses dependentes, e así pasou, e houbo cantidade de persoas que quedaron sen o servizo por esa falla de cálculo e previsión naquel momento do goberno de Zapatero. Algo parecido ó que está a pasar co ingreso mínimo vital, que cobraron 160.000 familias e que estaba previsto 850.000, solicitaron 1.100.000, pois sempre lles pasa exactamente igual.

E por outro lado a propia hipocrisía do Goberno da Deputación de Lugo, eu creo que vostedes debían predicar co exemplo, e se vostedes queren dar un servizo íntegramente público e gratuito deberían empezar polas residencias da Deputación de Lugo, que é un servizo mixto que, vostedes o saben perfectamente, acaban de sacar non hai moito as concesións das residencias de Castroverde e tódalas que hai, e non sei se coñecen a empresa Clece, que é de Florentino Pérez, ou se coñecen a Mensajeros de la Paz, que é unha organización relixiosa; pois esas dúas organizacións son exemplos de quen xestionan as residencias da Deputación de Lugo, supoño que o señor Florentino Pérez non virá á Deputación de Lugo a facer amigos e ser unha persoa extremadamente favorable.

E o mesmo lles pasa co copago, nas residencias da Deputación faise un copago, que aínda así entendemos que é moi xusto, porque efectivamente os que mais teñen deben pagar máis, e con elo cofinanciar o servizo. Polo tanto vemos dúas circunstancias, que entendemos que son importantes, para non apoiar esta moción; si é ben certo que cremos que hai capacidade e posibilidade de mellora, que debe profesionalizarse máis a cobertura da política social, e entendemos que é posible que a Xunta deba tamén ter que subir o prezo/hora co que financia ós concellos. Entendemos en definitiva que se poden subir tamén as ratios de cobertura, aí estamos de acordo, precisamente para iso se abriu unha comisión parlamentaria que entendemos que sería onde se debe traballar e tratar de mellorar este servizo.

Pero creo que debemos mirarnos todos, a Xunta de Galicia está aí, está para fiscalizala permanentemente, o Goberno do Estado ten unhas responsabilidades que non se cumpriron, e a Deputación de Lugo evidentemente se quere dar exemplo pode facelo nas residencias que xestiona mediante concesións e con copago”.

Intervén a Sra. Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Se me permiten, feliz día da democracia e feliz vindeiro 8 de Marzo.

A verdade é que aquí non vimos analizar o estado da autonomía, nin moito menos, aquí vimos analizar as necesidades dos veciños e veciñas desta provincia, a debater sobre elas, e dende logo as decisións que toma o goberno galego afectannos a todos e cadaún de nós. E creo que concordarán comigo en que é necesario mellorar o modelo existente de atención á dependencia e ós maiores no seu conxunto.

Dende a súa creación, e por facer unha referencia mínima ó servizo de atención no fogar, este pasou a ser un dos servizos máis demandados polas persoas dependentes e polas súas familias. Pero, señor Castiñeira, dende o 2009 ata o 2021, no que nos atopamos, pasou xa máis dunha década, tempo no que vostedes gobernaron na Xunta de Galicia, e tempo tamén no que vostedes gobernaron no goberno da nación. Polo tanto na súa man tiveron darlle solución a moitos deses recados que hoxe manda vostede contra outros.



E falaba vostede de datos, e eu quérolles dar algún dato actualizado en novembro de 2020, é dicir de hai tres meses, que nos di que en Galicia con dereito recoñecido a cobrar algunha axuda por situación de dependencia hai 62.040 persoas nese momento, e con dereito a cobrala 67.169. Polo tanto son máis de cinco mil persoas as que non reciben ningún tipo de axuda sendo dependentes e tendo dereito e necesidade a elas.

Ademais destes datos que veñen na proposta de goberno, e que tamén acaba de detallar Maite, a mín me gustaría reflectirles os que recolle o estudo sobre a evolución dos datos básicos de xestión do sistema de atención á dependencia, custes de financiación por Comunidades Autónomas, que é un documento que elabora anualmente, porque así se lle esixe, a Asociación Estatal de directores e xerentes en servizos sociais.

E no que se refire a Galicia, e só por recoller un apartado resume onde destacan os feitos máis relevantes e os datos máis importantes, leo textualmente: “a totalidade dos indicadores do sistema da dependencia en Galicia amosan un importante retroceso respecto á media acadada polo conxunto de Comunidades Autónomas, incluso se comparan cos propios datos da comunidade autónoma no exercicio precedente. As novas atencións apenas acadaron o 2,56%, mentres que a media nacional os triplica porque é case un 6,5%; o incremento de 565 persoas valoradas máis ca en 2018, apenas representan un incremento do 0,71%, fronte á máis do 6% da media nacional”; todo isto, e así o recolle o informe, é o reflexo da paralise que sufriu o sistema.

“As novas atencións realizadas por Galicia en 2019 son un 70% menos có incremento rexistrado no exercicio anterior, no 2018, e ademáis o ritmo é máis lento de incremento e rexístrase en prestacións tan sensibles como a axuda a domicilio. Con todo, a axuda a domicilio, como recurso de proximidade, segue sendo a prestación máis usada da carteira de servizos galega”. Por darlles unha información, que vostedes poden comprobar neste informe con todo detalle e con tódolos gráficos necesarios, que este colectivo elabora.

O que tamén é certo é que o impacto da Covid nas residencias amosounos un fracaso do modelo de xestión privada que está impulsando a Xunta de Galicia, un modelo que se basea na rendibilidade económica e non na calidade e na atención. E, señor Castiñeira, vostede erra cando

intenta poñer o foco sobre o modelo da Deputación de Lugo, porque este é un modelo exemplar, é un modelo de xestión público-privada, no que ten o absoluto control a administración pública; e fai referencia a algunha empresa intentando sementar dúbidas ou non sei que é o que pretende facer, cando vostede sabe que isto se adjudica nun concurso público contando con toda a legalidade vixente, e que dende logo o que non vai facer ningún goberno do que forme parte o Partido Socialista é adjudicar a dedo a determinadas empresas ou de determinado xeito, que parece que vostede é o que pretende descartando algunha que foi adjudicataria.

Vostedes, dende o propio goberno galego recoñeceron os erros, cesaron despois das eleccións ó Director Xeral de Maiores, á Directora Xeral de Familia; e despois das eleccións de 12 de xuño crearon unha nova Dirección Xeral de atención integral sociosanitaria, proba do seu propio erro e recoñecendo que algo fallara nas residencias. A propia Conselleira, Fabiola García, cos novos cargos anunciaban a intención de revisar o modelo, e nesta provincia vemos como algún efecto xa se está producindo nalgún centro.

Polo tanto, señor Castiñeira, eu creo que vostede erra cando quere poñer o foco sobre o modelo da Deputación, que parece ser que é un dos que lle poden gustar a súa Conselleira, e Conselleira de tódolos galegos, cando describe algunha das cuestións que quere facer. De todas formas o modelo está aquí para ser de utilidade, para corrixirse no que faga falta, pero en todo caso eu diríalle que a Xunta de Galicia debería tomar exemplo destas iniciativas públicas, que por certo non contamos con ningún tipo de colaboración da Xunta de Galicia no tocante a convenir prazos porque prefiren facelo coas empresas privadas”.

Seguidamente intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“O señor Castiñeira non se debeu enterar aínda de que ten as competencias a Xunta de Galicia sobre a atención ós nosos maiores, e a estas alturas xa debería estar enterado.

Fala dun discurso catastrofista, pero por outro lado recoñece que hai moito que mellorar, e iso é o que pretendemos con esta moción, propoñerlle á Xunta ideas para mellorar esa atención e que finalmente repercuta nunha mellor prestación pública de calidade ós nosos maiores. Porque se



temos que mirar o noso entorno, porque seguramente todos temos persoas que levan anos pendentes de valorar a súa dependencia, ou se teñen a valoración feita teñen que esperar meses para poder cobrar.

E efectivamente ante a falla de argumentos que ten o Partido Popular ó final sempre sementa un pouco de lodo co tema das empresas que traballan para outras administracións. A xestión das residencias da Deputación alo menos de momento non se viu envolta en ningunha, como dixeran antes, situación indigna para as nosas persoas maiores; unhas privatizacións do coidado dos maiores que ó final vai cunha finalidade de que esas empresas saquen un lucro importante; tamén é certo que a xestión neste tempo polo tema do Covid, incluso das vacunas, tamén vimos como se podía mellorar iso que vostede di; pero xa sabemos que ó señor Feijóo tamén lle gusta moito andar ó lado de compañías perigosas.

E non sei se vostede leu esta moción, pero o que nós pedimos aquí é simplemente mellorar, e que a Xunta asuma as súas competencias para que aumenten eses servizos de atención ás persoas que o necesitan, mellorar os contidos e tamén a intensidade de horas. Tamén pedimos recursos económicos, porque vostedes teñen tendencia a deseñar pero a non dotar de recursos económicos, e logo non serve de nada porque o papel recolle todo o que nel se escribe pero se non hai dotación económica todo queda en fume.

É necesario aumentar o número de prazas nos centros de día de titularidade pública e de xestión pública. Vostede fala da xestión das residencias da Deputación, pois de momento estase vendo que funcionan ben, de todas formas a Xunta teno moi claro, fáganse cargo delas, xa teñen aí un traballo empezado e ben feito, porque funcionan ben e as persoas usuarias están contentas de non ter que ir para esas moles de residencias que xestiona a Xunta a través das empresas amigas, e fóra do seu entorno familiar e social”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Señora Ferreiro, non estamos dicindo que funcionen mal, estamos dicindo que vostedes prediquen co exemplo.

Alégrome de que a señora García Porto alo menos recoñeza que é un sistema público-privado; pero é que hai poucos días o señor Presidente, e vostedes mesmos, estaban a falar, e leo textualmente de La Voz de Galicia: “La Diputación de Lugo ofrece a la Xunta que copie su modelo de residencias cien por cien público”, a ver quen di a verdade?; a verdade é a que di vostede porque efectivamente a Deputación de Lugo ten un sistema mixto, fai unha serie de concesións, vémolos aí nos pregos, e queda na man das concesións a xestión do persoal e moitas circunstancias desas, que tamén teñen problemas señora Ferreiro, e vostede sábeo porque o dixo o sindicato de enfermeiras que denunciou nalgún caso algún tipo de circunstancia que nos afectan a todos. Pero iso é normal porque ocorre en tódolos sitios.

Pero non digan que a Xunta privatiza cando vostedes fan exactamente o mesmo, porque é o mesmo modelo có da Xunta de Galicia; e teñen copagos, e repito que son positivos. E, señora Ferreiro, vostede ten unhas gafas para a noite e outras para o día, cando fala da Xunta de Galicia pídelle unhas cousas pero cando goberna fai complemente o contrario. Claro que efectivamente ten unha marxe de mellora, e para iso se ofreceu unha comisión no Parlamento de que se deben mellorar as cousas.

E dende logo que sexa o Partido Socialista o que omita que o goberno do Estado non ten responsabilidades cando se comprometeu ó 50% da cobertura da dependencia, pero que o diga vostede!, oiga o Estado tamén ten competencias. Ademáis dixoo o propio Vicepresidente, o señor Iglesias, que querían chegar ó 34, polo tanto aínda lles queda bastante para o 50%.

Repito, os servizos son mellorables pero evidentemente fíxose un grandísimo labor nestes últimos anos, e vou dar datos. En Galicia danse 2,2 millóns de horas de dependencia, con dezaoito millóns de euros financia a Xunta de Galicia ese servizo, este ano aumenta 160.000 euros, en total 23.000 galegos reciben axuda no fogar; repito, temos o mellor baremo da península con 39 horas/mes/usuario.

Eu creo que non son malos datos, e dende logo que temos sempre esa capacidade de mellora, pero o que non podemos é facer ese discurso, señora Ferreiro, de que está todo mal e de que nos vendemos a certas empresas, porque vostede ten o exemplo na casa”.





A continuación intervén a Sra. Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señor Castiñeira, a vostede moito lle gusta xogar e terxiversar a realidade das cousas, é o seu forte. Vostede alude a un titular, pero é que o titular é certo, as residencias da Deputación son públicas, moito máis públicas cás da Xunta de Galicia, por non falar das prazas, porque a Xunta de Galicia concerta prazas con residencias privadas, a Deputación de Lugo non; a Deputación de Lugo ten convenios con concellos da provincia, por certo nos que nunca quixo participar a Xunta de Galicia, e tampouco lle quere conveniar prazas a estas residencias, si ós amigos que teñen residencias privadas na nosa Comunidade Autónoma.

As residencias da Deputación de Lugo son tan públicas que se fan con cartos públicos da Deputación de Lugo e dos concellos da provincia de Lugo, e logo se fai unha adxudicación, unha licitación como ten que ser, como para facer calquera obra, pero o control absoluto desa xestión e de que o servizo se preste con calidade e en boas condicións é desta Institución provincial, non está en mans de ningunha empresa privada; tal vez por iso os maiores e as familias estean convencidos de que este é un dos mellores modelos polo que se pode optar.

E vostedes, resulta preocupante que a día de hoxe na Xunta de Galicia quede evidenciado que non saben o que van facer, porque a súa Conselleira preguntada polos fondos europeos para a dependencia, insiste, e dígollo textualmente, en que vai haber modelos públicos e modelos privados, vostedes non o teñen claro e queren xogar con todo. Pero a mín o que me resulta máis preocupante é que a Xunta de Galicia no seu Orzamento non sexa capaz de ter un plan para a dependencia e maiores; e que saian agora dicindo dende a Consellería que van pedir cen millóns de euros de fondos europeos para construír residencias; esa é a previsión que teñen, agardar que veña unha pandemia que evidencie os malos resultados do seu sistema para agora recurrir a fondos europeos para intentar salvarlo.

Non teñen un plan de residencias na Xunta, por iso anuncian que van recurrir a eses cen millóns de euros de fondos europeos. E a Xunta ademáis fixo trampas e segue a facelas, porque pón os servizos sociais no mesmo saco cós sectores produtivos que están afectados pola Covid, cando os

servizos sociais terían que estar diferenciados de todo isto. Os defectos do sistema asistencial galego non os causa a Covid senón que xa estaban aí, e as familias e moitas máis persoas viñámolo dicindo dende hai tempo, o que fai a Covid é poñer en evidencia cadaunha das deficiencias que ten o sistema galego, e o que fai falla é reconstruír o que a Covid puxo en evidencia e esnaquizou, é dicir evidenciar as deficiencias deste sistema; e, xunto coas instalacións, o que é importante é revisar a carteira de servizos, porque é importante a carteira de servizos, a dependencia, e os maiores no seu conxunto; eses son os deberes que lle queremos poñer á Xunta de Galicia”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón en representación do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Xa estamos afeitos a que o Partido Popular cada vez que se lles demanda un servizo público de calidade dálles un pouco de sarpullido; pero mire, señor Castiñeira, a dependencia e o coidado dos nosos maiores non se pode planificar pensando no beneficio económico para ningunha empresa que se adique a iso, a vivir e a sacar un beneficio á conta duns servizos públicos que ten que ser o goberno da Xunta quen ten a competencia para atender ás nosas persoas maiores.

Isto non é nada novo, acaba de dicilo a miña compañeira Pilar, o Covid-19 o único que fixo foi abrir as portas e ver o que realmente pasaba aí dentro desas residencias, as necesidades e carencias que había, e onde ía parar ese diñeiro público que non era precisamente para atender da mellor maneira posible un persoal formado, respectando ademáis os dereitos laborais para que esas persoas maiores estiveran atendidas como se merecen”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

### **3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR O INCREMENTO DO FINANCIAMENTO AUTONÓMICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar o incremento do financiamento autonómico do Servizo de Axuda no Fogar

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo orientado ás persoas que presentan problemas para a realización das actividades da vida cotiá, proporcionándolles atención directa no propio domicilio mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu contorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional.

A loita contra a pandemia do Covid-19, requiriu dos concellos a intensificación e a realización de novas tarefas, nomeadamente no eido dos servizos sociais municipais, onde se implementaron todo tipo de medidas extraordinarias: reparto de comida, medicación, reparto de deberes escolares, incremento da asistencia a domicilio e das axudas para cubrir necesidades básicas e a posta en funcionamento de dispositivos de axuda para as persoas sen fogar. Foi preciso dar resposta tamén ás problemáticas xurdidas pola pandemia, como foron as distintas situacións de necesidade froito do peche dos centros de día, sociocomunitarios, ocupacionais, escolas infantís, puntos de atención a infancia, ludotecas ou residencias de tempo libre.

En abril de 2020, a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para dar resposta as situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria provocada polo Covid-19. En concreto se informaba de que se incrementarían as horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais, e unha maior achega económica ao mesmo. Asemade a administración autonómica comprometíase a asumir o copago dos usuarios da dependencia no SAF ordinario. Con posterioridade, no mes de novembro de 2020, a Xunta de Galicia anunciaba a retirada deste servizo extraordinario aos usuarios dependentes que por mor da situación epidemiolóxica o estaban a percibir.

A presión sobre os servizos sociais municipais foi e está a ser xeneralizada. Un dos maiores gastos locais para a maioría dos concellos galegos é o custe que supón o SAF pola ausencia de actualización da cota que a Xunta debe aportar a este servizo público esencial para a cidadanía. Polo tanto considérase urxente que o Goberno da Xunta de Galicia asuma o copago do total dos usuarios do SAF ordinario en Galicia neste contexto de crise sanitaria; así como incrementar a achega que fai a administración autonómica.

Dados os prexuízos que esta situación extraordinaria está a provocar nas arcas municipais, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- o incremento das achegas para cubrir os custes reais do Servizo de Axuda no Fogar ordinario e que se proceda á eliminación do copago dos usuarios, e que este sexa asumido pola Administración Autonómica
- que a Xunta de Galicia incremente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, que é da súa competencia, que xestionan os concellos e que permanece conxelado dende o ano 2012, de xeito que se axuste á realidade do prezo/hora actualmente vixente e se preste este servizo público esencial coa máxima calidade e coas mellores condicións de traballo para os/as profesionais deste servizo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Esta moción está moi directamente relacionada coa proposta de goberno, e por iso convén precisar algunhas cousas que hai que tratar con rigor, porque vexo que o voceiro do Partido Popular non está a ser rigoroso porque di que as residencias da Xunta incrementan as súas prazas, iso non é para nada rigoroso, o que fai é concertar prazas públicas en residencias privadas, como dixo a voceira perfectamente. Ademáis non son concesións o que ten a Deputación de Lugo, son contratos de servizos públicos, que é diferente. E tamén dicirlle que o seu colega de Ribadeo debeuno informar mal porque Florentino xa non está xestionando ningunha residencia na nosa provincia.



Dito todo isto, cómpre sinalar que a moción que se trae aquí é un novo capítulo da serie titulada “eu convido e ti pagas” ó que por desgraza tan acostumbrados nos ten o señor Feijóo. Pero tamén se trata dunha moción que permite poñer enriba da mesa o “basta xa” de cargar ós concellos e ós veciños da nosa provincia con responsabilidades e custes que xa non nos corresponden. E finalmente tamén se trata dunha moción que reivindica o vital labor que están a realizar as traballadoras e traballadores do SAF, especialmente durante un ano tan duro de pandemia coma este que estamos a vivir. Vaia pois para todas e todos eles ese recoñecemento deste Grupo, ó que estou seguro de que se sumarán o resto de Grupos con representación nesta Institución, por ese labor tan importante que fixeron durante este tempo.

Como todos saberán o SAF é un dos piares do noso estado do benestar, xunto con outras cuestións vinculadas á dependencia, por certo que puxo en marcha un goberno progresista no Estado, e está dirixido a persoas ou familiares en situación de risco ou de dependencia, e polo tanto ten o obxectivo de atender esas situacións de necesidade; tódolos que estamos aquí estamos en concellos e coñecemos perfectamente cal é esa dinámica.

Ata aquí todo perfecto, pero onde está o verdadeiro problema?, pois básicamente nun novo exemplo de mala praxe por parte da Xunta de Galicia que, lonxe de cumprir coas súas competencias, traspasa esa responsabilidade ós concellos, e por riba non lles dá nin un euro para financiarlas.

Para evitar esas suspicacias, e tratando de ser rigorosos, as competencias en materia de servizos sociais están atribuídas ás Comunidades Autónomas no artigo 148.1 da Constitución do ano 78 e na Lei 13/2008, que di que en materia de servizos sociais, artigo 53.2, a atribución ás entidades locais de competencias de titularidade autonómica en materia de servizos sociais deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o seu axeitado exercicio; pero a Xunta nada de nada, porque isto non se está a cumprir en absoluto.

E iso que, segundo o informe da FEGAMP, das repercusións do Covid nos servizos sociais galegos a pandemia veu sobrecargar aínda máis as arcas locais, os concellos galegos recibiron na súa primeira ola de pandemia nada máis e nada menos que 17.317 solicitudes de novos usuarios de

servizos sociais. En termos económicos este incremento traducíuse nun sobrecusto mensual aproximado de seis millóns de euros extra, ós que habería que sumar outras partidas que vostedes, como vén sendo habitual, non quixeron asumir, como as de espazos públicos de colexios; e pregunto eu, onde está ese fondo Covid que lle pedimos os concellos?, pois a Xunta non só non respondeu a esta cuestión senón que a pesares de contar con fondos extraordinarios para loitar contra esa pandemia pediulles ás administracións locais que participasen nun fondo de rescate da hostalería, iso si, a Xunta non só non aporta fondos ós concellos e recorta as transferencias directas no orzamento de 2021, senón que ademáis intenta sempre condicionar o gasto local e empregar fondos municipais ó seu antollo.

E volvendo directamente a esta cuestión que nos ocupa, deben saber que de media o 60% dos fondos que adican os concellos a servizos sociais é exclusivamente para o SAF, e sorprendentemente, ou non tanto, vostedes, que gobernan na Xunta, manteñen conxelado dende hai dez anos o financiamento do SAF; saben cal é a cantidade que aporta como máximo a Xunta de Galicia dende hai dez anos ó SAF?, nove coma setenta euros/hora; e saben canto se estima que é o custe real do servizo?, entre 18 e 22 euros. Polo tanto saben quen paga ese desfase entre o custe real e o que non aporta a Xunta?, os de sempre dende que goberna Feijóo, os concellos e as persoas a través do copago; é dicir, o de sempre “eu convido e ti pagas”.

E fíxense como son vostedes cando gobernan na Xunta de Galicia, que en abril do ano pasado comprometéronse a poñer en marcha un SAF extraordinario dotado de cincocentas mil horas, para facer fronte á pandemia, e o que fixeron vostedes foi subir a doce euros a hora. Polo tanto é un pouco contradictorio, soben no extraordinario a doce euros a hora pero no ordinario pagan a nove coma setenta, iso non hai quen o entenda, a pesares de que llo pedimos no Parlamento en repetidas ocasións, e ó final todo fume.

E digo eu, porque non trasladar as cuestións do SAF extraordinario de pagalo a doce euros a hora a ordinario?, como se fixo hai uns meses, que por certo xa tiraron con todo e ese SAF extraordinario xa non existe; e porque non liberar dunha carga económica, como é o copago, ós usuarios con dependencia que tanto o necesitan?, ou porque non aumentar a cota que lle corresponde ó goberno galego se son conscientes de que o prezo do SAF subiu na última década e son os concellos quen o están asumindo?. Pois disto precisamente vai esta moción”.



A continuación intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Falabamos no punto anterior sobre a necesidade de mellorar os coidados para as persoas maiores e dependentes. Dicía tamén que temos no noso país 122.731 persoas maiores de 65 anos que viven soas; e máis de 65.200 persoas teñen algún grao de dependencia recoñecida, e que a teleasistencia chega a pouco máis de 8.370 persoas; pouco teñen que ver cos datos que dicía antes o señor Castiñeira, claro que todo depende de como se mire.

Estes datos o que nos amosan é un mapa con moitas necesidades por cubrir para achegar uns servizos públicos e de calidade ás persoas que necesitan os coidados; uns coidados que, ante a ausencia de políticas e deses servizos públicos, asúmenos maioritariamente as mulleres, un traballo que non é remunerado, non é recoñecido, e mesmo moitas veces desprezado, tendo que renunciar en moitas ocasións ó seu posto de traballo e polo tanto á súa independencia económica.

No ano 2009 a Lei de Dependencia incluía no catálogo de servizos a axuda no fogar que axudaría a mellorar a calidade de vida de moitas persoas maiores nun rural despoboado e illado, pero tamén nas vilas e cidades persoas que vivindo soas recibían coidados e tamén se lles axudaba a manter un contacto tan necesario co exterior, e nestes momentos máis aínda ca nunca. Este servizo de axuda no fogar axudou a que moitas persoas maiores puideran seguir vivindo no seu fogar, ademáis de xerar postos de traballo nos concellos.

O Covid-19 axudou a poñer de manifesto a necesidade dun novo modelo asistencial que facilite máis e mellores coidados no domicilio, e que contribúa a que as persoas poidan quedar máis tempo nas súas casas. Ata agora son os concellos os que asumen nunha grande parte o mantemento e xestión dun servizo cada vez máis necesario e tamén máis demandado. Por iso é urxente reforzar este servizo e ampliar o financiamento por parte da Xunta de Galicia; tamén os tipos de coidados e as horas de servizo.

O goberno do Partido Popular ten que asumir, como xa dixemos tamén na anterior moción, as súas competencias como é a responsabilidade sobre a dependencia e servizos sociais; e debe

garantir unha atención directa e personalizada coa calidade que se merecen os nosos maiores, e non deixando sós ós concellos que son incapaces de asumir o custe deste servizo na súa totalidade.

Deberá así mesmo crear as medidas necesarias de inspección para garantir o cumprimento dos dereitos laborais e salariais do persoal que desenvolve a súa actividade laboral neste servizo que, por certo, tamén son maioritariamente mulleres, e que nesta pandemia do Covid foron un dos sectores que máis en perigo se viu e que máis necesitado estivo, para que esas persoas maiores que non podían ter un contacto co exterior tiveran unha asistencia de atención alo menos no seu día a día e tamén de contacto social co exterior”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Estamos aquí ante unha moción, tal e como dixo o voceiro do Grupo Popular anteriormente, e co que concordamos tódolos Deputados deste Grupo, na que se fai basicamente o mesmo mes tras mes.

Ante a falla de propostas en positivo deste goberno que realmente deixa a función da Deputación fóra das necesidades desta provincia, o que se fai tódolos meses sistemáticamente é unha especie de iniciativas buscando cargarlle á xestión do Presidente Feijóo tódolos males do mundo. Lóxicamente hai uns foros para iso, que é o Parlamento de Galicia basicamente, e hai uns referendos diso que se fai cada catro anos e que son os cidadáns os que teñen a última palabra. Pero nós non, nós estamos a isto; e xa que estamos a isto, ímoslles explicar o que nós cremos.

En primeiro lugar o servizo de axuda no fogar efectivamente é un servizo moi demandado, cremos que é unha necesidade importante que ten a sociedade, e máis a sociedade galega que é unha sociedade avellentada, e efectivamente lle damos toda a importancia do mundo; tanto é así que, pese á demagogia absoluta que se leva a cabo nesta iniciativa, non imos votar en contra senón que nos imos abster.

Dito o cal, hai que facer unha análise un pouco rigorosa, e é que este bigoberno da Deputación Provincial fai o contrario do que din en practicamente tódalas súas actuacións, e non





só o goberno da Deputación senón tódolos Concellos onde gobernan o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego nesta provincia e en todo Galicia. Estigmatizan a xestión público-privada, que toda a vida se lle chamou privatización de servizos públicos, pero aplícanla onde gobernan; tanto é así que na Deputación se está aplicando esa xestión a tódolos servizos sociais correspondentes á rede de centros de atención ós maiores. Iso si, di a señora García Porto, que o fan legalmente, ou sexa privatizan pero legalmente, é que só faltaría que non o fixeran legalmente!.

Efectivamente hai unhas bases de adxudicación, exactamente igual ca nos Concellos e nas administracións que goberna o Partido Popular, e se teñen acusación dalgunha privatización dalgún Concello ou dalgunha administración do Partido Popular ilegal xa están perdendo o tempo en poder denunciála, ou dígnanos cal é.

Polo tanto estamos ante unha situación que reivindica a pouca credibilidade que ten xa este goberno da Deputación Provincial de Lugo, facendo o contrario do que di nas súas mocións simplemente servindo para mandar recados ó señor Feijóo, non sei se é para facer méritos no Partido Socialista ou no BNG por parte de alguén, ou simplemente é porque están desconectados. Tan desconectados están que son incapaces de recordar sequer que hai un ano esta mesma Deputación aprobou o 21 de decembro do 2019 unha moción na que se lle esixía ó Goberno da Nación que cubriera a parte que lle corresponde da Lei da Dependencia, que xa é a matriz dos problemas que existen na financiación deste servizo.

A Lei da Dependencia que vostedes din que promoveu un goberno progresista, promoveuna pero non a paga, está moi ben promover leis se logo non cumpres coas túas obrigas, iso é o que fixo sistemáticamente e está a facer o Partido Socialista en Madrid cada vez que goberna.

Polo tanto imos ser realistas, a única administración que, xunto cos Concellos, está facendo un esforzo en incrementar as horas do SAF é a Xunta de Galicia, tanto é así que as incrementou este mesmo ano cento sesenta mil horas; adícalle máis de oitenta e tres millóns de euros directos a este servizo, e o orzamento da Xunta de Galicia, dese tan demonizado por vostedes, do señor Feijóo, é o orzamento máis social da historia de Galicia, con máis inversión nas políticas sociais, e particularmente tamén na de apoio ó servizo de axuda no fogar.

Polo tanto, señores, están vostedes en condicións de dar leccións tódolos meses á Xunta de Galicia?, cando non son capaces de pedirlle ó Estado que cumpra con Galicia, cando prefiren, coa escusa de atacar ó señor Feijóo, esixirlle ós galegos que paguen o servizo que lle ten que pagar o Estado e que lle ten que traspasar, vostedes son antigaleguistas co que están defendendo e dicindo.

E despois para unhas cousas presumen de progresistas e de xustiza social, e para outras desconectan, porque a súa proposta ademáis presenta un vicio de ilegalidade, vostedes din que se exima o copago dos usuarios, que é o que marca o artigo 33 da súa famosa Lei da Dependencia, co cal ademáis estamos de acordo.

Porque qué dirían vostedes se se empezara a dar nun servizo con tanta demanda ese servizo de forma gratuita a xente dos que vostedes chaman ricos, millonarios, Florentino Pérez, o señor de Inditex, todos eses empresarios que sempre demonizan vostedes?, que pasaría?, onde está a xustiza social do Partido Socialista e do BNG?, e queren que a administración pública cos impostos dos galegos paguen ese servizo de forma totalmente inxusta, sen ter en conta a capacidade dos propios usuarios que é o que modela o actual artigo 33 da Lei da Dependencia.

Polo tanto o resume é o de sempre, demagogia, non facer nada, poñerlle deberes tódolos meses ó señor Feijóo, e non aportar solucións, pois podían empezar xa por pedir que o Estado cumpra co que debe. Falan de que un invita e outro paga, aquí o único que invita e non paga é o Estado; así que empecen por aí antes de dar leccións á única administración que está incrementando a súa financiación ano tras ano”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Volvemos un pouco falar de rigor; unha vez máis o señor García parece que está esquecendo moitas cousas que son relevantes. Fala da falla de financiación do Estado, pero eu recórdolle que a Lei de Promoción de Autonomía Persoal foi unha conquista dun goberno progresista, xa llo dixen antes.



E tamén creo que lle convén a vostede saber, porque creo que xa debe ser o cuarto pleno que fala algo disto, que a Lei de Dependencia foi durante cando menos os sete anos de goberno do señor Rajoy o momento máis crítico e de falta de financiación que tiveron os dependentes na historia deste país; mire os Reais Decretos Leis do ano 2012, que comprometeron verdadeiramente a viabilidade desta Lei, lea eses Decretos, porque é a cuarta vez que llo digo; que supuxeron eses Decretos para Galicia?, un recorte de 151,8 millóns na Lei de Dependencia.

E vennos dicir aquí que o goberno do Estado recorta, cando o goberno progresista do Estado que hai en Madrid levaba nos seus Orzamentos no ano 2019 ese incremento desa perda que o señor Rajoy consentiu; e votaron en contra deses Orzamentos en Madrid, e agora vén dando leccións aquí da Lei de Dependencia, dos recortes do goberno socialista, cando vostedes votaron en contra; e non só iso, votaron en contra tamén do pacto de estado polo sistema de autonomía e atención á dependencia, o único Partido do arco parlamentario en Madrid, fíxese o que lle estou dicindo!.

Ademáis creo que convén recordarlle que este ano, para a súa información, o Goberno do Estado en materia de dependencia vai facer unha aportación de máis de 1920 millóns de euros para recuperar o desastre que deixou tras de si o señor Rajoy.

Diga o que vostede diga, e argumente o que argumente, é inaprazable e urxente o bo funcionamento do SAF en Galicia, unha revisión do modelo económico, revisar esas 9,70 horas de máximo; porque só para poñerlle un exemplo, a Deputación con só 92,5 millóns de euros de orzamento adica ó SAF de libre concorrencia preto de 12 euros/hora fronte ós 9,70 da Xunta para o SAF ordinario; e encima temos que cubrir prestacións moitísimo mais esixentes. Así que a Xunta o que ten que facer é poñerse as pilas.

E neste sentido tamén outra das apostas que se debe facer é non só actualizar ese pago por parte da Xunta para mellorar a calidade de vida das persoas, senón tamén a revisión dos convenios laborais das traballadoras que vostedes se negan, e creo que non fai falla que lle explique porque se negan, non lles interesa. Vostede estame a dicir que lle parece mal que o goberno socialista e do BNG da Deputación soliciten que os usuarios e usuarias do SAF deixen de pagar, iso é o que a vostede lle molesta realmente?, pois a verdade é que as cousas non son así señor García”.

Intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A min gústame moito escoitar ó señor García porque sempre fala de que non facemos unha análise rigorosa, eu xa non vou facer contas señor García, faga vostede unha análise rigorosa destes datos. Di que aumenta 160.000 horas, e que considera que é unha cifra moi importante, a repartir entre 122.731 persoas maiores de 65 anos que viven soas ou para 65.200 persoas con dependencia. Fágame vostede esa análise rigorosa xa que vostede é o único que sabe facer esa análise e ese veredicto tan rigoroso.

Nós non estamos en contra de ningún empresario nin das empresas, nós o que queremos é que haxa moitas empresas, e non só que atendan á dependencia senón tamén moitas empresas que xeren moitos postos de traballo e non se vaian fóra de Galicia, algo que está sucedendo e algo terá que ver o señor Feijóo; non sei se se dan conta de que é aínda o Presidente da Xunta ou xa pensa que vai estar traballando en Madrid a ver quen pilla o posto do señor Casado; eu creo que de momento é o Presidente da Xunta, polo tanto el ten que facer ese traballo.

E a nós non nos importa efectivamente que vaia para empresarios, do que estamos en contra é de que os nosos impostos non vaian para onde teñen que ir neste caso, que é para darlles unha atención pública de calidade ás persoas maiores, pero tamén unhas condicións laborais dignas para o persoal que atende a esas persoas maiores, porque unha cousa non pode ser sen a outra, ademáis teñen que implementar esa vixilancia á hora de que esas empresas que, segundo vostedes din, nós estamos en contra, pois esixan que esas persoas estean ben atendidas pero que tamén o persoal que traballa teña unhas condicións de traballo dignas.

Creo que esta moción se complementa moito coa anterior, e non entendo a súa posición de non apoiala, pero alá vostedes que saberán o que fan cando realmente tanto unha moción como a outra son mocións que intentan mellorar a xestión e ofrecer propostas que se consideran útiles para o que pretendemos que é mellorar as condicións de vida das nosas persoas maiores e tamén as condicións laborais das persoas que se adican a estes coidados”.



A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Seguimos na liña dos tópicos do Partido Socialista e do BNG; e se antes falabamos de Feijóo agora xa recurren ós dous seguintes tópicos tan habituais de que Feijóo está pensando en Madrid, pero levan dicindo iso doce anos, e cada catro anos os galegos lles recordan en quen confían.

E despois a última xa é que é verdade que a culpa é do Estado que non cumpre cos galegos, pero a culpa é de Rajoy, seguen tirando de Rajoy mentres son incapaces de recoñecer que o goberno do señor Pedro Sánchez está matratando as arcas públicas dos galegos, e o diñeiro dos galegos, de forma sistemática, en absolutamente tódolos sectores, e nos servizos sociais tamén, porque é incapaz de poñer enriba da mesa o diñeiro que lle debe ós galegos, vostedes prefiren pedirlle ós galegos que cos seus impostos sigan pagando non só o que lles corresponde, que o fan, senón tamén o que lle corresponde ó resto do Estado, e por unha cuestión de partidismo político son incapaces de solicitalo nin de recoñecelo, pois sigan así.

O único certo é que a Xunta de Galicia vén de incrementar este ano 160.000 horas de axuda no fogar; e o único certo é que a Xunta de Galicia no seu Orzamento aprobou este ano para Galicia no ano 2020-2021 o Orzamento máis social da historia de Galicia. E non só iso, cando se aprobou ese Orzamento e se fixou o importe económico que a Xunta lle ía adicar para o ano 2021 ó SAF, saben cantas emendas presentaron os socialistas no Parlamento de Galicia a ese incremento?, ningunha, porque non lles importa, a vostedes non lles importa absolutamente nada nin os traballadores nin o servizo, o único que lles importa é ter o argumentario que lles mandan para tódolos meses atacar ó Presidente da Xunta, iso é o único.

E mentres tanto a Deputación fai todo o contrario do que di; nesas grandilocuentes discursos apostando pola xestión pública mentres vostedes fan adxudicacións público-privadas mesmo en tódolos servizos sociais; mentres vostedes colleron o modelo Tragsa como a súa bandeira de lexislatura, e seguen dicindo que son os máis publicistas do mundo, mentres son moi inxustos socialmente, proponendo que as persoas que teñen un alto poder non paguen nada, igual cás persoas que o necesitan e realmente non poden pagar. En Galicia a maioría ou practicamente

tódalas persoas que non teñen capacidade para pagar o SAF non o pagan, teñen que empezar a recoñecer iso; vostedes saben que porcentaxe de usuarios do SAF non pagan?, non o saben, non saben que a xente que non ten recursos ou ten moi poucos xa non paga nada no copago.

Pero vostedes o que pretendes é que esas persoas, que vostedes nos mítines lles chaman “os ricos”, tampouco paguen nada, e ó final son vostedes máis antisociais ca ninguén, máis antigalegos ca ninguén, e tódalas súas propostas se esfuman na demagogia do populismo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Fala vostede de tópicos, señor García, e sabe que desgrazadamente empeza a ser un tópico despois de escoitalo a vostede e a moitos compañeiros seus do PP?, pois que da a sensación de que non acaban de mollarse cos servizos públicos.

Pero sabe qué conclusións se poden sacar con esta moción?, unha falla absoluta de compromiso do PP cos recursos públicos que deixou famélico o noso sistema público de atención a maiores. Faláballe de Rajoy, non llo vou volver recordar, porque ó final visto o sistema que vostedes utilizan o PP podería ser igual o máximo expoñente da defensa dos intereses privados fronte ó público.

Como pode ser que ante a vacinación da delegada de DomusVi a Conselleira diga que se dan por boas as explicacións e que non hai caso?, como se pode dicir iso?; aínda que lendo a entrevista publicada o domingo, onde non se percibe nin un só ápice de humildade nin de fracaso do modelo caduco da xestión de maiores, non se pode agardar outra cousa”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.



#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR UN NOVO MODELO EÓLICO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar un novo modelo eólico.

Entre os anos 1997 e 2008, Galicia coñeceu un forte desenvolvemento da enerxía eólica. Un marco regulador que favorecía o aproveitamento deste recurso, unido á forte aposta do goberno do PSOE polas enerxías renovables, favoreceu a implantación de parques eólicos. O goberno de Núñez Feijoo chegou á Xunta anulando un concurso eólico, o que reflectía ben a súa intención de abandonar a aposta polo sector. A inseguridade xurídica, e a política de bloqueo ás renovables do Goberno de Mariano Rajoy, paralizaron o sector eólico durante unha década.

No ano 2019, volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores e rematamos 2020 cuns 4.000 MW totais instalados no noso territorio. As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construirán uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente.

O éxito da instalación desa nova potencia eólica, foi resultado dun marco regulatorio moi determinado, baseado na declaración de utilidade pública para os proxectos e a afectación dos terreos, que foi determinante nos distintos procesos de expropiación. Este marco regulatorio, introduciu desigualdades na negociación e unha falla de transparencia cara os propietarios/as, as comunidades rurais e os concellos. A falta de participación das comunidades afectadas no proceso de desenvolvemento dos parques eólicos ven causando conflitos sociais e medioambientais, que chegan con regularidade ós medios de comunicación e mesmo ós informes da Valedora do Pobo.

Agora que o sector coñece un novo pulo cumpre elaborar un novo modelo eólico integral que conte ca participación de todos os sectores implicados, de xeito que se poda conxugar o desenvolvemento dos proxectos empresariais cos dereitos dos propietarios e o consenso social das comunidades onde se instalan os parques eólicos.

Por todo iso, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia a elaboración dun novo modelo eólico integral, que recolla as seguintes propostas:

- Establecer os tipos de gravame nos máximos permitidos para os impostos de xestión municipal vinculados coa actividade eólica.
- Establecer no canon eólico e no Fondo de Compensación Ambiental, que o canon se fixe a partires da potencia instalada no parque eólico e que a recadación íntegra se destine a melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos ditos parques.
- Fomentar dende a administración autonómica fórmulas de negociación entre promotor e propietario, previas a un posible inicio de procedemento expropiatorio, co obxectivo de favorecer unha negociación equilibrada.
- Establecer un modelo de “*contrato tipo*” para favorecer a transparencia e garantías dos propietarios/as rurais.
- A creación dunha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental, para concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento de actividade eólica no seu territorio. A devandita oficina deberá contar cunha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico.
- Reforzar as garantías patrimoniais e medioambientais dos territorios afectados pola instalación de novos parques eólicos, liñas de evacuación ou a repotenciación dos parques existentes, con especial atención á protección do territorio pertencente á Rede Natura e as súas futuras expansións, impedindo o fraccionamento de proxectos de parques eólicos que se está a producir na nosa comunidade en vulneración da lexislación vixente.





- Propoñer, en coordinación co Goberno do Estado, o deseño de figuras específicas para o fomento de parques eólicos comunitarios e estudar a recuperación da figura dos parques eólicos singulares ou outra figura similar de propiedade pública municipal”.

Intervén o Sr.Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Vaia por diante que esta moción que se presenta por parte do Grupo Provincial Socialista ten un carácter eminentemente construtivo. Como todos saberán Galicia coñeceu ata o ano 2008 un forte desenvolvemento da enerxía eólica; un marco regulador que favorecía o aproveitamento deste recurso, xunto cunha forte aposta de gobernos progresistas polas enerxías renovables, favoreceu a implantación dos parques eólicos. Pero chega Feijóo á Xunta, paraliza o concurso eólico, e fíxoo tan ben que entre os anos 2009 e 2018 en Galicia só se instalaron un total de 277 MW de potencia eólica.

Polo tanto parece claro que a Lei 8/2009 de aproveitamento eólico de Galicia non era o que se precisaba; Feijóo e a súa xestión da Xunta arredor da eólica ten conseguido o aínda máis difícil, que foi poñer a todo o mundo en contra; ás eólicas non se lles ofreceu ningún marco regulador axeitado nin unha planificación apropiada, ós propietarios dos terreos non se lles ofreceu información ou o asesoramento como alternativa á expropiación, os Concellos que albergan os parques reciben unha porcentaxe moi pequena dos beneficios que xeran; porque a Xunta incumpre a súa propia lexislación sobre o canon e fondo de compensación ambiental, o canon determinábase por aeroxenerador instalado e non por potencia do parque, que sería unha cuestión máis interesante.

E como non se regula nada, incluso algúns parques estaban instalados en territorios de Rede Natura, ata algún colectivo ecoloxista, fíxense na paradoxa da situación, tense manifestado en contra disto. A regulación da Xunta contemplaba que os beneficios da eólica debían ser repartidos a través de plans industriais, dun plan de fomento, pero non se fixo correctamente o labor de fiscalización, polo tanto non se cumpriron eses obxectivos. A administración autonómica tampouco fomentou mecanismos de transparencia claros e de información cara ós propietarios, ás

comunidades locais, ou ós Concellos, incluso moitas desas autorizacións da explotación eólica non teñen nin data de caducidade.

Polo tanto a veciñanza, as comunidades, os Concellos, non reciben unha compensación que sexa axeitada á instalación dos parques no seu territorio. E se a iso lle sumamos a inseguridade xurídica e a política de bloqueo ás renovables que se produce cando Mariano Rajoy chega ó goberno do Estado, que paralizaron o sector eólico durante unha década, pasamos de ser un auténtico referente a nivel europeo a desaparecer do mapa.

Pero agora parece que, coa insistencia da Unión Europea e do Goberno Central por apostar polas renovables, espertou despois de dez anos de letargo ese interese da Xunta de Galicia pola enerxía eólica, xa que vén incluíndo a idea de ampliar a potencia instalada cun deses indefinidos proxectos tractores que queren presentar ós fondos europeos. De feito as previsións son que entre a década do 20 e do 30 apuntan a que se construírán 4500 MW novos, o que é máis do dobre da potencia que está instalada actualmente.

Por desgraza nada sabemos dese proxecto, nin onde irán os novos parques, nin como se protexerá o medio ambiente, nin que mecanismos de salvagarda se lle van ofrecer ós propietarios rurais; e por suposto como se vai mellorar o retorno dos beneficios cara ós Concellos. A falta de participación das comunidades afectadas no proceso de desenvolvemento deses parques eólicos xera conflitos sociais e medioambientais, incluso con regularidade chegan os informes á Valedora do Pobo.

Polo tanto, feita esta reflexión, agora que o sector coñece un novo pulo cómpre un novo modelo eólico, que sexa integral, que conte coa participación de tódolos sectores implicados, de xeito que poda conxugar o desenvolvemento de proxectos empresariais cos dereitos dos propietarios, e un consenso oficial con tódalas comunidades onde se instalan eses parques eólicos.

En definitiva, o que pedimos os socialistas nesta moción é modernizar o ordenamento do sector eólico, conxugando o respecto medioambiental e o desenvolvemento enerxético; garantir que os beneficios xerados revirtan con maior intensidade nos Concellos que albergan os parques; salvagardar os dereitos dos propietarios rurais á hora de negociar empresas; establecer modelos de



contrato tipo; ou, entre outros, crear unha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental para os Concellos e as comunidades afectadas por eses procesos de desenvolvemento da actividade eólica no seu territorio”.

A continuación intervén o señor Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Eu me temo, señor Rivera, que a pesares dos seus propósitos o debate desta moción acabará sendo unha vez máis un debate estéril e un debate fóra de lugar, convertido nun estrambote do Parlamento de Galicia onde esta cuestión xa se debateu tres ou catro veces.

E iso é así por un lado pola manía que teñen vostedes de encher o pleno provincial con iniciativas sobre temas que exceden con moito o ámbito competencial da propia Deputación en lugar de atender a aquelas cuestións onde a institución provincial si que ten a tixola polo mango.

Por outra banda é consecuencia tamén da pouca altura de miras que teñen á hora de plantexar temas de trascendencia, altura de miras que fai bo aquel vello dito popular de que “cuando el grajo vuela bajo hace un frío de carajo”. Pasoulles a vostedes co tema dos coeficientes reductores da minería; pasoulles tamén cos montes que traían a colación o pleno pasado; e pásalles outra vez con este tema do sector eólico que plantexan.

En realidade non están vostedes plantexando un novo modelo eólico integral como din na súa moción senón que están plantexando dúas cousas distintas. En primeiro lugar a eterna cuestión que xa apuntaba o meu compañeiro, señor García, de confrontación permanente coa Xunta de Galicia, esa confrontación fana dende o minuto un na propia Exposición de Motivos á que eu teño que referirme porque iso si que é falta de seriedade e de rigor, señor Rivera, no plantexamento, amnesia ou desmemoria se chama por non falar doutros cualificativos máis importantes.

Gábanse vostedes da puxanza do sector eólico entre o ano 1997 e o 2008, e eu recórdolle que no ano 1997 vostedes nin gobernaban en Madrid nin gobernaban tampouco en Santiago na Xunta de Galicia. Din que foi Feijóo o que paralizou o sector eólico, é completamente falsa esa afirmación, os que estabamos alí, e a propia historia, señor Rivera, lle din o contrario, quen

paralizou o sector eólico foron en primeiro lugar vostedes mesmos que converteron o tema eólico nun tema de discusión fratricida; queren que lle recorde aqueles tempos en que o Conselleiro, señor Blanco, lle dicía ó Presidente Touriño que se quería saber do plan eólico que xa se enteraría pola prensa, e a resposta do sector socialista ameazando con demandas por prevaricación?. E en segundo lugar quen se cargou o plan eólico do bipartito foron os tribunais de xustiza coas sentenzas que o anularon. Esa puxanza, señor Ribera, do sector eólico nese período é consecuencia do traballo dos gobernos de Fraga.

E mire, a paralización posterior que se produce a partires deste ano 2009 todo o mundo sabe que se debe a dous factores moi claros. Por un lado a gravísima crise económica en que os gobernos socialistas de Zapatero sumiron a este país. E por outro lado tamén ó brutal déficit tarifario creado por eses mesmos gobernos, e o abandono das súas responsabilidades. A reactivación que se está a vivir agora, señor Rivera, débese fundamentalmente á recondución dese déficit tarifario que tiveron que facer os gobernos do señor Rajoy, e tamén a recondución das subastas de renovables feitos polo mesmo.

E despois de confrontar coa Xunta, vostedes o que pretenden facer é sementar sombras de dúbida sobre o sector eólico, porque son vostedes perfectamente conscientes de que o sector eólico é un sector puxante, dinámico, e creador de riqueza, e o que pretenden é poñer paus na roda tratando de crear un enfrontamento ficticio coas comunidades de montes, cos concellos, e con outras cuestións cheas de inexactitudes.

Non vou entrar no debate concreto dos puntos que plantexan porque sería reproducir o debate do Parlamento de Galicia, pero si dúas precisións importantes. Unha sobre o canon eólico, benvidos agora á defensa do canon eólico cando antes o combateron e o votaron en contra; pero, señor Ribera, aclararlle que o canon eólico establécese sobre o impacto ambiental e non sobre a produción eléctrica, se fora sobre a produción eléctrica tiña que formularse doutro xeito e acabaría incidindo nos prezos da electricidade.

E mire, as propostas que fan vostedes traducidas ó roman paladino son para facer tremer ó sector eólico, vostedes queren promover o sector eólico con tres ou catro medidas fundamentais que son en primeiro lugar elevar os impostos ós operadores dese sector, en segundo lugar poñer



máis trabas administrativas, é dicir máis burocracia, en terceiro lugar dilatar no tempo a instalación dos parques retrasando os procedementos expropiatorios, e en último lugar establecer unha lexislación moito máis restrictiva. Se con iso queren animar ó sector eólico, se con iso queren convertelo nun sector dinámico, os señores e señoras que viven e traballan no sector eólico ben poden recordar aquilo que dicía Pio Cabanillas “cuerpo a tierra que aí vienen los nuestros””.

Intervén o señor Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O señor Agustín coma sempre danos unhas clases de historia, moitas veces moi entretidas pero como case sempre tamén obvia aquilo que non lle interesa contar, e o que está claro que quedou para a historia do decreto eólico do BNG é que o Partido Popular e a xestión do señor Feijóo foi condenada polos tribunais e obrigou a pagar unha cantidade millonaria que saíu dos petos das galegas e galegos, e iso é o que está na historia e na memoria de todo o pobo galego. E o señor Agustín é moi coñecedor dese punto, pero esa parte da historia saltouna porque ó mellor quedaba para outro día das súas clases de historia.

Dicía o señor Ribera que durante dez anos estivo estancado o sector, e do 2009 ó 2018 instaláronse menos de 300 MW en Galicia. E non é menos certo tamén que agora mesmo está a haber un “boom” eólico no noso país. É certo que tamén se está a producir unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural; iso que vostede, señor Agustín, lle chama burocracia e que en verdade é regular un sector, nós xa sabemos a onde levan o de regularizar os setores e témolo que ver co modelo urbanístico que promoveu durante tantos anos o Partido Popular, e a que levou ese modelo, a ese modelo nas costas e o que leva de regular os sectores.

Non hai que ter medo a regular un sector e o que hai que facer é que ese sector deixe beneficio nos galegos e galegas, nos concellos, e que claramente respecte os patrimonios tanto culturais, como naturais, como todo o que hai que protexer no Estado. E vostedes o que propoñen é que calquera empresa enerxética poda arrasar cunha Rede Natura, pois nós evidentemente cremos que esa non é a fórmula e que iso non debe impedir que a enerxía eólica se desenvolva.

Vemos constantemente como a falta de vixilancia da Xunta en protexer o patrimonio natural o que trae é sentenzas xudiciais, como pode ser a de Sasdónigas ou a da Serra do Oribio, que condenou a paralizar eses proxectos que amparaba a Xunta de maneira irregular, ou así o din os Tribunais. Polo tanto esa falla de regulación, que dicía o señor Agustín que é burocracia pero que é protección dun ben que hai que explotar pero hai que facelo con rigor e non a costa de calquera cousa.

A realidade no día de hoxe é que, a pesares da propaganda que fai o Partido Popular de todos os bens no sector eólico, os propietarios dos terreos onde se instalan os parques eólicos perciben entre un coma un e un dous coma cinco do total da facturación dos parques. A parte que fica desta facturación nos concellos galegos é o 5%, polo que o impacto económico que está a ter o sector en Galicia é moi reducido; incluso cos datos que facilita a patronal dos 580 millóns de euros que facturan só o 1,89% fica no noso territorio, que son once millóns.

Polo tanto o noso Grupo do BNG está a favor de intentar un consenso para substituír a Lei vixente do aproveitamento eólico e o desenvolvemento da enerxía eólica para a próxima década, e facer unha planificación do que son os bens, tendo en conta os intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia e a avaliación medioambiental. Porque iso de simplificar que é?, que calquera pode poñer o parque onde queira?, nós evidentemente estamos en contra e están en contra incluso os tribunais e tamén a Unión Europea.

E tamén nós cremos que hai que aumentar de forma urxente o territorio protexido, apostando polas figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de protección ambiental como pode ser a Rede Natura, extratexias de infraestruturas verdes, áreas de interese paisaxístico, ampliación da Rede Natura a estratexia de infraestruturas verdes, e de interese paisaxístico e protección dos proxectos que afecten á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012.

É dicir, hai que dotar a este novo boom de enerxía eólica dun Regulamento que conxugue os beneficios económicos que queden no territorio, e protección medioambiental e cultural daquelas zonas. Polo tanto nós si que estamos a favor dunha nova regulación, e vostede, señor Baamonde, os modelos urbanísticos que tantas dores de cabeza trouxo e tantas desfeitas



medioambientais fixo. Polo tanto claro que hai que abrir este debate, debe ser un debate serio e que protexa todos eses intereses dos galegos e galegas”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señor Baamonde, non trate de confundir, sabe perfectamente, porque vostede estaba alí, que vostedes deixaron esmorecer ese plan eólico; e non só iso, tamén tiveron que pagar despois cuantiosas indemnizacións ás empresas cos cartos de tódolos galegos, vostede ten que ser coñecedor así que non trate de dicir o que non é porque, como dicía, estaba vostede alí, polo tanto vostede coñece perfectamente esa situación.

E non sei que ten de malo poñer en marcha mecanismos para fomentar a transparencia en relación co sector eólico, para que os propietarios teñan como modelo un contrato tipo para negociar coas empresas promotoras; non sei que hai de malo en establecer unha base pública de información de prezos acadados en negociacións entre partes afectadas na instalación dun parque eólico.

E aparte diso, o marco regulador a día de hoxe concede ó promotor a posibilidade de camiñar cara á expropiación coa solicitude de declaración de utilidade pública deses parques; e dita fórmula se non se endurece está a incidir negativamente sobre os propietarios en canto á posibilidade de negociar, porque non acabo de entender porque prefiren poñerse de costas ós nosos veciños e veciñas, non entendo porque non se pode poñer en marcha unha oficina de asesoramento técnico e administrativo.

E todo isto non son iniciativas só do Grupo Socialista, son iniciativas de moitísimos colectivos que ano tras ano lle están trasladando tamén ó goberno galego estas posibles solucións para facer fronte ó cambio de modelo eólico. E as veciñanzas, as comunidades, incluso os concellos, e saberao coma min, que non están a recibir a compensación axeitada pola instalación dos parques no seu territorio. E por iso lle pedimos á Xunta que no marco dese modelo eólico corrixa o insuficiente retorno que ten ese fondo de compensación ambiental e o canon eólico nos concellos afectados pola instalación deses parques; creo que é unha petición moi razoable.

E non é un debate estéril, este debate é o estéril que vostedes queren que sexa, señor Baamonde, por iso lles tendemos a man para que aposten por este novo modelo eólico. Ese trampantoxo de tratar de dicir que estamos a poñer en perigo o sector eólico, que imos en contra del, non lle coa, é o mesmo argumento que utilizou o Conselleiro de Industria hai pouco no Parlamento Galego; estas son cuestións que nos preocupan a todos, e deberían preocuparllas de verdade a vostedes tamén; non queremos paralizar o desenvolvemento eólico na nos aterra, simplemente o que plantexamos é que deben debater e consensuar este novo modelo con medidas para democratizar o sistema, establecer equilibrios entre propietarios, incluso ser máis áxiles; non imos burocratizar en exceso a situación senón que o que queremos é ser máis áxiles, pero que as cousas se fagan ben, con equilibrio.

E vostedes agora veñen con esta defensa a ultranza das renovables, da aposta por este tipo de enerxías, cando vostedes paralizárona, e é certo que foi unha aposta clara e decidida polas renovables do Presidente actual do Goberno por imposición tamén nalgúns casos da Unión Europea”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Sabemos realmente o que hai agora e o que é o sector eólico; sabemos que o modelo que depende do goberno da Xunta de Galicia é o modelo dun sector dinámico, un sector creador de riqueza, un sector creador de emprego. Por poñer datos do último ano, dezaoito parques con 400MW, un investimento de 500 millóns de euros, 2800 empregos na fase de construción, once millóns de aportacións ós propietarios de terreos; pódese dicir que os parques son precisamente unha das fontes de riqueza e de ingresos máis grandes que teñen hoxe en día as comunidades de montes.

E fronte a iso vostedes queren propoñernos unha modificación, modificación que eu volvo dicir que é totalmente contradictoria con esa proposta que están facendo de impoñer máis impostos con ese exceso de burocratización ó que tratan de levar ó sector eólico coa ralentización dos prazos, que o único que vai facer é complicar o futuro do sector.





Vostedes din que queren cambiar o modelo, pero eu non lles escoitei absolutamente nada do novo modelo que vostedes queren crear e queren poñer en vigor, o único que están facendo é criticar aspectos concretos do modelo anterior, que lóxicamente, como a propia evolución dos acontecementos haberá que ir facendo.

E din qué hai de malo na súa proposta, pois hai dúas cuestións que evidentemente fan encoller as cousas; por un lado a intención que buscan vostedes é esa, sementar sombras de dúbida sobre un sector que funciona extraordinariamente ben. E a outra a credibilidade, porque se vostedes o que nos queren propoñer é o que xa levan feito noutros aspectos da enerxía, como é o caso por exemplo de Alcoa ou das Pontes, que Deus nos colla confesados; se vostedes o exemplo ó que nos queren levar é ó prezo da electricidade que censuraban durísimamente cando nos gobernos de Rajoy acadaba un 8% de incremento, e que neste principio de ano o acaban de levar ó 40 ou ó 50%; a que estarían vostedes armando se neste momento gobernara Mariano Rajoy con eses tinglados!

Fálannos tamén da participación dos concellos, pero o da participación vostedes a entenden segundo lles convén, porque para uns casos piden participación, agora para o reparto dos fondos europeos non queren a participación dos concellos, e vostedes rexeitaron iniciativas a ese respecto, ademáis cun argumento curioso, o de cualificar de tontos ós alcaldes de España, como fixo ese senador socialista “de cuyo nombre no quiero acordarme”.

En definitiva o modelo que vostedes presentan é o modelo daquela copla popular “fun polo vento vin polo aire, e como é cousa de encantamento, fun polo aire e vin polo vento”. Polo tanto, como non nos encantan, imos votar que non a esta moción.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte

“O que queda claro despois da intervención do señor Agustín é o que falabamos na anterior exposición, que vostedes son partidarios de que se explote un ben natural propiedade de todas e de todos, sen ningún tipo de regulación, e sen respecto medioambiental. Pois nós estamos en contra, porque ó que vostede chama burocratización o que se propón é que se protexan os espazos naturais,

e que iso traía tamén consigo unha repercusión económica ós galegos e galegas que, como vimos antes nos datos que demos, é moi pequena; vostede incluso, coma sempre, retorceu os datos e fala do número de empregos que xeraron eses parques que se instalaron, pero meteulle a coletilla de “durante a súa construción”, porque despois non están deixando un gran número de empregos no noso país senón que van a outras partes do Estado español os empregos e os beneficios que xeran eses parques.

Polo tanto o que se propón é promover a enerxía eólica, que estamos de acordo en que é o futuro, pero ten que ser unha regulación e non explotar os recursos naturais de Galicia sen ningún tipo de control e arrasando incluso con zonas tan importantes para o noso país como é a Rede Natura. Por tanto non hai que terlle medo á regularización, iso non paraliza o sector, senón que o que o paraliza é o modelo que levaron a cabo vostedes co modelo inmobiliario e a burbulla que acabou reventando, e aquí o que hai que facer é as cousas ben e dar un marco legal que respecte tódolos intereses dos galegos e galegas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Non vexo ó Partido Popular moi convencido nesta moción, e polo tanto a min o que me fai pensar é que ó final estamos poñendo enriba da mesa unha vez máis a incapacidade manifesta para facer política industrial do goberno da Xunta de Galicia, nunha competencia que lle atribúe o Estatuto de Autonomía, e á que vostedes renuncian sistemáticamente, cando lles interesa.

Galicia sofre unha perda moi preocupante da actividade industrial, e son incapaces de atraer novos investimentos, anclar os existentes, onde queda a Consellería de Industria e o Igape?, ante unha falla absoluta de proxectos para sectores produtivos do noso país, algo que non se lle escapa a ninguén; polo tanto traballar entre todos nun novo modelo eólico integral con tódolos sectores implicados, que poñan solución ós problemas plantexados democratizando o sistema eólico, e que sexa en definitiva beneficioso para todos, e aínda estamos a tempo”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos



a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada.

#### **5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS E MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ás reivindicacións e mobilizacións feministas do 8 de marzo

##### *Exposición de Motivos*

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga en Galiza porque se algo demostrou a pandemia da covid-19 e esta crise sen precedentes é a importancia da nosa forza para soste-lo presente, pero tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social. Situación soamente contestada e transformada a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e aqueles traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres

e son, ademais, os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe é máis visible a precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliñándose cun sistema patriarcal e inxusto.

A crise da covid-19 deixou en Galiza unha destrución de 21.000 empregos dos que 15.900 estaban ocupados por mulleres. Así mesmo, a fenda salarial malia ser ilegal continúa a superar o 20% e ten tamén o seu correlato na fenda das pensións, cobrando as pensionistas galegas unha media de 300 euros menos. Precisamos de medidas contundentes encamiñadas á reactivación económica e social, un camiño para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Porén, un ano despois a situación non mellorou e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan estar cubertos polos servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e foron os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, ademais de enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restricións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas os 8 de marzo dos anos anteriores, precedidas de históricas mobilizacións nacionais en Verín, Lugo, Vigo e Santiago de Compostela desde que no ano 2017 se fixeron as primeiras convocatorias de apoio á folga internacional, emanada de Latinoamérica. Neste 2021, por circunstancias sanitarias, as mobilizacións serán necesariamente locais ou comarcais e máis



reducidas, pero coa mesma fortaleza e contundencia. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrir as desigualdades que se agravan na Galiza de 2021.

Cómpre dar unha forte resposta a esta situación. Non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón que polo Pleno desta Deputación de Lugo se adopte o seguinte acordo:

- 1) Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2021 colocan no centro do debate os cuidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19 ,que demostrou como a vida non podería sosterse sen cuidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.
- 2) Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. E da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.
- 3) Instar á Xunta de Galiza a asumir as súas competencias en materia de atención á dependencia. Mentres tanto, e en canto estas competencias sexan exercidas nunha parte fundamental polos concellos galegos, incrementar nomeadamente o financiamento que achega ao sostemento do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir o custe real da prestación do servizo así como a modificación da actual normativa para que as empresas

que vulneren os dereitos laborais e salariais das traballadoras non poidan concorrer aos procesos de licitación”.

Intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Traemos hoxe aquí a este pleno unha moción en apoio ás reivindicacións e mobilizacións feministas convocados para o próximo 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora.

O feminismo galego impulsou no noso país unha resposta social sen precedentes que inzou as rúas o 8 de marzo dos anos anteriores, históricas mobilizacións como a do ano 2017 en Verín, que foi ademáis a primeira convocatoria de apoio á folga internacional emanada de Latinoamérica. No ano 2018 esa mobilización histórica puidemos vela en Lugo, e en Vigo no ano 2019, e o ano pasado en Santiago de Compostela, baixo o lema “sen coidados non hai vida”.

Non sabiamos naquel momento o acertado do lema que pouco máis tarde a pandemia demostrou o seu acerto. Un ano despois a situación non mellorou, e hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde coidados que deberían estar cubertos polos servizos públicos. É curioso que xustamente acabamos de tratar dúas mocións onde se falaba da necesidade de mellorar os coidados de atención onde se mencionaba tamén que eran as mulleres as que tiñan que asumir ese papel e ese traballo.

A crise sanitaria ten un impacto enorme en sectores amplamente feminizados coma os coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación, etc., e foron ademáis os sectores protagonizados por mulleres os que máis riscos asumiron respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. A violencia contra as mulleres segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade, con enormes dificultades para romper coa espiral de violencia derivadas das restriccións sanitarias e das dificultades para acceder a servizos e ter contacto social.

A crise da Covid-19 deixou en Galicia unha destrución de 21.000 empregos, dos que 15.900 e estaban ocupados por mulleres. A fenda salarial malia ser ilegal supera o 20% provocando unha fenda nas pensións que leva ás pensionistas galegas a cobrar unha media de 300



euros menos. Son necesarias medidas contundentes encamiñadas á reactivación económica e social, para o que é imprescindible a dignificación do marco laboral coa derogación total das reformas laborais dos anos 2010 e 2012, xunto coas reformas das pensións de 2011 e 2013.

Este 8 de marzo de 2021 o movemento feminista sairemos de novo á rúa; pola situación sanitaria temos que ter en conta que as mobilizacións serán máis locais e comarcais, e tamén máis reducidas, pero hai moitos motivos para ir á folga e sair á rúa. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social, e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que se agravan en Galicia neste ano 2021.

Que sen coidados non hai vida témolo hoxe máis presente ca nunca, e así nolo demostraron e nolo están demostrando as caixeiras, as limpadoras, as traballadoras domésticas, coidadoras de diferentes ámbitos, sanitarias, etc., que a pesares dun aparente recoñecemento social durante a crise as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, ó contrario, máis precariedade e máis responsabilidades ante a falta de resposta e a carencia dun sistema público de servizos básicos; non podemos permitir que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais, nin retroceder nos nosos dereitos, e que sexamos as mulleres as que paguemos de novo as consecuencias dunha crise”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O feminismo é un movemento de vital importancia para a saúde da nosa sociedade, para ter un futuro xusto e máis igualitario. E xusto neste momento social por un lado pola crise sanitaria, pero tamén polo momento político coa alza da ultradereita do noso país, é cando temos que ter a nosa posición máis clara para non dar un paso atrás.

O Partido Socialista sempre acompañou e fixo as súas reivindicacións co movemento feminista, os dereitos das mulleres, igualdade, foron impulsados por gobernos socialistas. Sempre apostamos por unha concepción aberta do feminismo, sempre entendemos que era un lema de transcendencia social e xustiza social e un eixo de transformación e mellora da nosa sociedade.

Neste ano temos que pedir e reivindicar, entre outras cousas, que a pandemia non nos faga retroceder na igualdade, que se poñan as medidas para manter as accións da libre decisión das mulleres no ámbito profesional e persoal.

Hai tres anos, o 8 de marzo de 2018, por primeira vez as mulleres de todo o territorio español logramos unha mobilización sen precedentes contra a desigualdade de xénero, en tódalas súas vertentes, fenda salarial, discriminación, ou violencia sexual. Esta mobilización, como se dixo naquel momento, xa forma parte dos libros de historia no noso país, por iso temos que seguir reivindicando os nosos dereitos. Este ano debido á pandemia non se vai saír á rúa como saímos durante tres anos consecutivos, pero sen lugar a dúbidas a Covid non nos vai silenciar.

Iniciamos o Pleno coa lectura da Declaración Institucional, lida polo Presidente, con motivo do Día Internacional da Muller, asinada esta Declaración polos voceiros dos tres Partidos que conforman esta Corporación, o Partido Socialista, BNG e Partido Popular. Está ben poñerse de acordo en temas de vital importancia coma este que é a loita pola igualdade; a ver se esta Declaración serve por parte do Grupo Provincial do Partido Popular da Deputación de Lugo de reproche ós seus compañeiros da Xunta de Galicia de determinadas políticas que perpetúan a desigualdade.

Quitar paridoiros no rural é unha política machista, non ter prazas públicas de gardería para o 100% dos nenos galegos de cero a tres anos é un dos primeiros pasos para a incorporación das mulleres ó mercado laboral, retrasar ata máis de 480 días os procesos de avaliación da dependencia, adiar as axudas por ingreso nunha residencia é unha política que fixa ás mullers no coidado dos maiores, como é non contar cunha rede de residencias públicas de calidade.

Por iso nós estamos a favor evidentemente da moción que presenta o BNG; en Galicia temos que saír a denunciar as políticas machistas, porque hai moitos xeitos de ser machistas sen parecelo, hai moitos xeitos de perpetuar a desigualdade ó tempo que se fai un discurso dun suposto progresismo”

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:





“Estamos de acordo co BNG no fondo da problemática que contén o texto da moción, pero non estamos de acordo coa forma na que enfocan esta problemática, porque para o BNG, tal e como se desprende do texto da súa moción, apoiar o feminismo galego significa apoiar o movemento 8M; e nós a pregunta que nos facemos é que sucede os outros trescentos sesenta e catro días do ano?, porque nós entendemos que o recoñecemento do labor do feminismo galego debe estar presente os outros 364 días tamén, é dicir todo o ano, recoñecemento que está presente no labor de tódalas traballadoras que melloran as súas condicións de vida de toda a sociedade galega en xeral; e para o BNG vemos que isto non é así, é dicir se non estás a favor do 8M estás en contra do BNG, e tampouco estás a favor do feminismo. Entonces por iso non estamos de acordo.

Dicirlle tamén á señora Loureiro que a Declaración Institucional e os argumentarios que contén para nada teñen que ver coas propostas de acordo que o BNG nos presenta nesta moción, por iso nós non estamos de acordo coa forma en que presentan a moción e polo tanto non estamos de acordo con esas propostas de acordo que nos trasladan na parte final da moción.

Entendemos, iso si é certo, que hai moito que mellorar tamén nas retribucións salariais, na promoción profesional das mulleres, no acceso a sectores e ámbitos masculinizados. Somos conscientes tamén de que a pandemia afectou de xeito diferente a mulleres e homes, como resulta das análises de distintos organismos institucionais e internacionais, como é a ONU, tamén nacionais como a OCDE, incluso a Consellería de Emprego e Igualdade xa de ámbito autonómico, que coinciden en sinalar que a triple dimensión desta crise sanitaria, social e económica, ten unha repercusión distinta entre homes e mulleres.

Somos conscientes tamén de que constitúe un logro, que aínda está pendente de cumprirse e de solucionarse, a eliminación radical da violencia contra as mulleres, porque entendemos que este debe ser o reto de toda sociedade; pero evidentemente isto require dunha tarefa conxunta e dunha actuación unitaria que esixa un consenso institucional que amose o compromiso de tódalas institucións coa sociedade.

Temos que advertir tamén que botamos en falta calquera alusión por parte do BNG ós milleiros de mulleres do noso rural, aquí falouse de traballadoras domésticas, falouse de caixeiras,

de cuidadoras, de limpadoras; é certo que as mulleres do rural non estiveron sometidas e episodios de tanto risco durante toda esta pandemia coma estas que citou o BNG, pero non é menos certo que son moi importantes porque estiveron detrás dun sector produtivo como é o noso sector primario, mulleres que están traballando a diario nas explotacións agrícolas e gandeiras, e non foron tidas en conta para nada polo Bloque Nacionalista Galego como parte dese substento, a pesares de que efectivamente están no illamento porque xa sabemos que vivir no rural implica ter menos relación social que vivir nos medios urbanos.

Non estamos de acordo co Bloque Nacionalista Galego en relación ás propostas de acordo; botamos en falta que o BNG inste ó Goberno do Estado a aprobar a Lei de igualdade salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres; esta é unha regulación fundamental, e polo contrario ningunha alusión fan vostedes á mesma. De nada serve que no punto segundo soliciten o incremento de recursos para que a inspección laboral poida averiguar a existencia de discriminacións se non está aprobada a Lei de igualdade salarial que remate coa fenda salarial, nese caso si que poderá dotarse de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.

Tamén botamos en falta calquera pronunciamento do Bloque Nacionalista Galego esixíndolle ó Goberno Central a modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade do ano 1999, tendo en conta a nova realidade demográfica que sen dúbida é necesaria para favorecer a compatibilidade do trabalo coa vida persoal e familiar.

Polo tanto vemos que o Bloque Nacionalista Galego veu aquí dicir que defendía o feminismo galego, pero non veu presentar unhas propostas de acordo serias, sobre todo dirixidas ó Goberno Central, a que realice as actualizacións e modificacións normativas necesarias para que se poidan conseguir estes logros en materia do avance da igualdade, e en materia da prevención das discriminacións nos distintos eidos”.

A continuación intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:



“Señor Balado, voulle explicar, porque eu xa sei que o Grupo do Partido Popular non ten moi claro iso da igualdade, incluso nos cargos institucionais non hai máis que mirar a bancada.

Mire, o movemento galego 8M está formado por mulleres, colectivos, sindicatos, plataformas feministas, asociacións feministas, e todas aquelas mulleres de diversas ideoloxías e de diversas afiliacións políticas, coa única finalidade de reivindicar o 8 de marzo de cada ano defendendo e pedindo unha igualdade de dereitos para as mullers no ámbito laboral. Non sei se vostede sabía o que era “Galegas 8M”.

Efectivamente tódalas mulleres que formamos parte da plataforma Galegas 8M, traballamos todos estes anos, estamos traballando en tódolos sitios onde estamos as mulleres, porque o feminismo galego traballamos os 365 días do ano; facer feminismo é traballar pola igualdade non é presentar unha moción como pensan vostedes que é, isto é para incidir, xa que o día 8 de marzo temos a oportunidade de que se visibilice máis a situación laboral de milleiros de mulleres, por iso se utiliza. Pero o feminismo está traballando pola igualdade os 365 días do ano; é máis, ese día tamén está convocada unha folga de mulleres de coidados, porque, como ben dicía, o lema deste ano, xunto co do ano pasado, é “sen coidados non hai vida”.

Efectivamente a pandemia afecta a homes e mulleres, pero, coma sempre, as pandemias e as crises afectan dobremente ás mulleres polo feito de ser mulleres, porque a estas alturas aínda vostede non se enterou de que as mulleres seguen cargando maioritariamente co peso dos coidados e a atención ás familias. As mulleres seguen coidando de cando unha persoa está enferma, as mulleres maioritariamente son as que quedan na casa cando un neno ou unha nena enferma e non pode ir ó colexio, ou cando unha nena e un neno tiveron que quedar na casa porque o colexio pechou polo Covid. As mulleres son as que teñen que pedir rebaixa de xornada laboral, son as que teñen os contratos a media xornada maioritariamente, e iso incide tamén á hora de cobrar unha pensión no futuro.

Vostede di que non pensamos nas mullers do rural, vostede non se entera de nada, porque nós esta mesma mañá estivemos falando da situación e das necesidades de mellorar os servizos públicos asistenciais para precisamente quitarlle ese peso que maioritariamente exercen as mulleres.

Eu únicamente lle teño que agradecer e pedir que alo menos non criminalicen o 8M este ano, non fagan coma o ano pasado”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Simplemente para ampliar un pouco a miña primeira intervención. Estamos nun momento onde moitas mulleres están quedando nun segundo plano, aínda máis invisibilizadas do que xa estabamos. A violencia machista e a fenda social e salarial entre homes e mulleres víronse prexudicados sobre todo durante o confinamento.

Esta situación sanitaria que estamos a vivir afecta a homes e mulleres de xeito moi diferente, esa é unha realidade, aínda seguimos coa conciliación atribuída a nós, as mulleres, e tamén os coidados da familia e da casa. Neste momento semella que estas ideas se están vendo reforzadas, e neste ano de pandemia vimos como se retrocedía en igualdade; o paro afecta máis ás mulleres; cando os nenos non van a clase sempre os atende a nai; cando hai que coidar enfermos sempre se pensa nunha coidadora.

Por iso creo que agora máis ca nunca este 8M debemos rexeitar a desigualdade e reivindicar os mesmos dereitos entre homes e mulleres; e esperemos que non pase coma o ano pasado que se responsabilizou á manifestación do 8M do espallamento da pandemia; creo que criminalizar o 8M non está ben e que debe ser condenado. Por tanto creo que todo o ano debemos reivindicar a igualdade entre homes e mulleres pero, se cabe, o 8M deste ano, aínda máis pola situación sanitaria que estamos a sufrir e que as máis prexudicadas son sempre as mulleres”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Quero lembrarlle á señora Ferreiro, que di que nesta bancada non hai mulleres, que o BNG na anterior lexislatura na Deputación tivo dous homes, o señor Ferreiro e o señor Veiga, non tivo ningunha muller, entón non sei que é o que nos quere criticar. Pero o que é peor é que na



lexislatura anterior á que lle dixen, e eu seiño porque xa levo uns cantos anos na Deputación, tamén estivo o señor Outeiro e o señor Veiga, entóns qué nos quere dicir vostede con iso?, o que quere vostede é aproveitar as circunstancias; pero se tivesemos que atender a esas circunstancias o BNG sería o Partido que máis incumpriu a lei de paridade na Deputación de Lugo, e a realidade foi así, non é algo que eu estea inventando.

Agradézolle as explicación que pretende dar-me para explicar o concepto; pero eu vólvolle preguntar de novo se a pretensión do Bloque Nacionalista Galego é conseguir a igualdade porque non fan vostedes na súa moción unha soa alusión á aprobación da Lei de Igualdade salarial, que é de competencia estatal, para rematar coa fenda salarial entre homes e mulleres?, que pasa?, que non lles interesa recoñecer que efectivamente o Goberno do Estado ten que elaborar esa Lei?.

Respecto ás propostas de acordo, como lle estaba a dicir antes, en relación ó punto terceiro, sobre a esixencia que reclaman da Xunta de Galicia, témoslles que lembrar de novo que se equivocan de administración, equivócanse de destinatario nesta moción, porque a Xunta xa asume as súas competencias en materia de dependencia, pola deixadez de funcións que padece o Goberno Central nesa materia, xa se lles explicou, e xa o fixo no primeiro turno o señor Castiñeira.

Pero sobre todo lembrarlles tamén que a Xunta de Galicia é a administración que máis inviste en dependencia, máis có Goberno Central, máis cá Deputación Provincial dentro do seu ámbito, máis có concellos. Polo tanto non lles podemos dar a razón neste terceiro punto. E se efectivamente queren conseguir algo nesta materia deberan vostedes incluír neste punto unha petición na que insten ó Goberno do Estado a que asuma as súas competencias en materia de dependencia, como lles dixo o señor Castiñeira, e non que a Xunta teña que asumir o 76% nesta materia, e o Goberno Central o 34%, iso é algo que non ten razón de ser.

Pero en calquera caso simplemente reiterarlles a nosa disposición e o noso apoio ó feminismo, o noso apoio á igualdade, pero entendemos e reiteramos que isto non pode pasar por apoiar un só movemento, unha soa manifestación, isto ten que pasar por un consenso entre tódalas formacións políticas”.

Intervén a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Balado, consenso entre as formacións políticas xa o hai, os únicos que non teñen consenso a favor do feminismo é o Partido Popular e os seus socios da caverna, que aínda hoxe saíron dicindo que o 8 de marzo tiña que ser o día da vítima, eses que aínda non levantaron os brazos e seguen en plan cromañón, en fín boas compañías para vostedes.

Ademáis o feito de que nos veñan dicir aquí ó BNG que non prestamos atención ás mulleres do rural, teñan un pouco de vergoña alo menos!, vostedes están pechando colexios; vostedes están quitando liñas de autobuses para que teñan que ser as mulleres as que maioritariamente teñan que levar ós nenos ós colexios pola súa conta; vostedes están pechando centros de saúde, e están quitando servizos de pediatría, están quitando servizos xinecolóxicos para as mullers; teñan un pouco de decencia!. Teñen unha lei de cotitularidade das explotacións onde a maioría aínda seguen a ser os homes os que son cotitulares das explotacións. Que están facendo vostedes en política agraria para axudar á igualdade?; alo menos teñan un pouco de respecto!. E se vostedes queren mellorar esta moción presenten unha emenda, e mirarémola e ó mellor ata a aceptamos”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda prestar aprobación á moción presentada.



**6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A MANTER O ACTUAL STATUS LEGAL DAS POBOACIÓNS DE LOBO AO NORTE DO RÍO DOURO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a manter o actual status legal das poboacións de lobo ao norte do río Douro.

*Exposición de Motivos*

O Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico vén de decidir incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE). Esta decisión é contraria aos intereses das comunidades do norte do río Douro (Castela e León, Asturias, Cantabria e Galicia), que son as que concentran máis do 90% do lobo de España e cuxas explotacións gandeiras sofren os ataques.

O lobo en Galicia cumpre as tres condicións que marca a Directiva Hábitats cando fai referencia ao estado de conservación dunha especie e que sexa considerada favorable:

1.- Os datos sobre a dinámica das poboacións das especies en cuestión indiquen que a mesma segue e pode seguir constituíndo a longo prazo un elemento vital dos hábitats naturais aos que pertencen.

2.- A área de distribución natural da especie non se estea reducindo nin ameace con reducirse nun futuro previsible.

3.- Exista e probablemente siga existindo un hábitat de extensión suficiente para manter as súas poboacións a longo prazo.

As poboacións de lobo en Galicia en termos xerais mantéñense e mesmo experimentaron un certo aumento nos últimos 15 anos, tal e como o indican os seguimentos realizados nalgunhas zonas e tendo en conta os datos de danos ocasionados ao gando.

A área de distribución do lobo en Galicia de acordo co último censo realizado supón un 72,17% do territorio galego, concluíndo que a presenza do lobo en territorio galego é xeneralizada. Se a maiores temos en conta os datos de indicios, áreas de campeo e presenza de manadas reprodutoras esta porcentaxe supoñería un 94% do territorio galego.

A situación actual do rural e as actividades agrícolas ou dos usos tradicionais do monte está a ser un elemento favorecedor para a extensión do hábitat idóneo para esta especie.

Polo tanto, non hai por tanto argumentos para considerar a esta especie dunha atención e protección particular ao amparo da Listaxe de Especies Silvestres de Protección Especial (LESRPE).

O lobo forma parte do patrimonio natural e cultural de Galicia pero ao mesmo tempo xera unha conflitividade relevante co ser humano asociada aos danos que causa á cabana gandeira e que nos últimos anos tivo un incremento significativo.

Hai máis dunha década aprobouse o Plan de xestión do lobo en Galicia para garantir a viabilidade desta especie no noso territorio, mantendo unha poboación estable na nosa Comunidade Autónoma e ao mesmo tempo compatibilizar a súa existencia coa da gandería extensiva e coa viabilidade económica das explotacións agropecuarias adoptando medidas preventivas e establecendo liñas de axudas para paliar os danos causados por esta especie.

O incluír ao lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial conlevaría poñer trabas á xestión desta especie tal como veu desenvolvendo durante estes últimos anos.





Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

“O Pleno da Deputación Provincial de Lugo mostra a súa desconformidade coa inclusión de todas as poboacións do lobo ibérico ao norte do Douro na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE) e, insta ao goberno de España a manter o actual status legal das poboacións de lobo ao norte do río Douro”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista, presentase unha emenda de modificación, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a:

1.- Dialogar e buscar acordos co sector gandeiro e coas autonomías que conviven co 95 % da poboación de lobo ibérico nos seus territorios, antes de proceder a cambiar o actual status legal das poboacións de dita especie ao norte do río Douro.

Á Xunta de Galicia a:

1.- A elaborar un novo Plan de Xestión do Lobo para Galicia, froito dun consenso entre as asociacións en defensa do lobo, representantes das organizacións gandeiras e representantes do sector veterinario.

2.- Actualizar os censos poboacionais e elaborar un novo mapa de presenza do lobo en Galicia.

3.- Aumentar o orzamento de 2021 para prevención e danos por ataque de lobos, co fin de que garanta o 100% das solicitudes cursadas en regra, actualizar as contías por danos por ataque do lobo para que cubran o custe real da perda, simplificar a tramitación administrativa e garantir que se paguen nun prazo menor a 6 meses dende a solicitude do gandeiro/a.

4.- Estudar a proposta de introdución de axudas en materia de prevención, ás explotacións en zonas de risco por ataques de depredadores nos cobros pola PAC e que estas non exclúan as indemnizacións autonómicas por danos causados por depredadores”.

Intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Traemos unha moción a este pleno para solucionar un problema creado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico que antes non existía.

En canto á situación actual do lobo en Galicia contamos cun plan de xestión que posibilita a protección da especie de forma sostible, e neste momento calcúlase, segundo as últimas noticias, que a cabaña de lobos en Galicia andarás entorno ós mil exemplares. É unha especie cinexética que só se autoriza a súa caza cando hai danos á gandería, realizando un control poboacional por suposto en tódolos casos. Tanto é así que as cacerías durante os últimos vinte anos practicamente reflicten unha mortandade dos lobos de arredor de vinte exemplares.

Diciamos que o censo foi en aumento nos últimos anos, e ademais disto ocupa practicamente o 90% do territorio galego, constatado polos últimos censos realizados, polo tanto non está en risco de extinción.

Incluir o lobo na listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial vén dado por un comité técnico adscrito ó Ministerio, onde se autorizou soamente en base a criterios culturais e biolóxicos subxectivos, non se tivo en conta nin a poboación afectada nin sequera ás comunidades afectadas. O mesmo Ministerio manifesta que non se acredita obxectivamente que sexa unha especie ameazada.

En base a isto o Ministerio está a tramitar unha Orde Ministerial para recoller esta inclusión na listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial. E isto o que implicaría para Galicia en concreto é en primeiro lugar que non se permite a caza do lobo, caza que en Galicia en realidade só está permitida mediante batidas autorizadas, graves prexuízos para o sector gandeiro porque evidentemente o risco de que haxa superpoboación de lobos é grande dado que non se vai permitir a cacería de ningún xeito; e unha responsabilidade engadida ós gandeiros de Galicia que incurrirían en responsabilidade penal polas supostas infraccións se se dera cacería a algún lobo.



Ante isto as comunidades ó norte do río Douro, ou sexa Galicia, Asturias, Cantabria, e Castela e León, que máis ou menos concentran o 95% da poboación do lobo en España, votaron en contra da inclusión do lobo no LESRPE, Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial durante a Comisión do Patrimonio Natural. A este voto engadíronse outras Comunidades en solidariedade aínda que non estaban excesivamente afectadas.

Como digo, as catro Comunidades uniron as forzas en contra desta inclusión, e decidiuse crear un comité técnico e científico para coordinar as medidas de xestión do lobo. A esta proposta uníronse ademáis Madrid e La Rioja, e solicitaron así mesmo ó Ministerio liderar a estratexia nacional para a conservación desta especie, observación que segundo as normas da Directiva Habitats cumpriría perfectamente a situación do lobo en Galicia dado que cumpre as tres condicións: constitúe un elemento unitario o lobo no hábitat que nos rodea, entre outras razóns porque sendo a especie que estaría no alto da cadea é un depredador sobre todo do xabarín, que é un tema que nos preocuparía moito máis en Galicia. Tamén a distribución dentro da área afectada garante un futuro sostible para a poboación de lobos. Hai unha extensión suficiente tamén dentro da Comunidade para manter esta situación. Polo que non hai argumentos que sosteñan a inclusión do lobo na listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.

Polo tanto, ó amparo de todas estas circunstancias o que facemos neste pleno da Deputación Provincial é mostrar a disconformidade coa inclusión de tódalas poboacións de lobo ibérico ó norte do Douro na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. E Instar ó Goberno de España a manter o actual status legal das poboacións de lobo ao norte do río Douro. É dicir, o que pedimos é que se manteña o mesmo status no que estamos, aínda que no futuro se elabore unha nova norma sempre co consenso de tódalas partes implicadas, lóxicamente sobre todo das máis afectadas, que neste caso serían Galicia, Castela León, Asturias e Cantabria”

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O señor Núñez acábanos de falar case todo sobre supostos, e para iso vou dar unhas argumentacións. Este debate en parte é unha cortina de fume do Partido Popular para agochar a deixación de funcións que fai a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia sobre o plan

de xestión do lobo en Galicia; porque se trata dunha descarada cortina de fume da atención sobre o problema real, porque o que tratan é de enfrontar dúas posturas como son as dos ecoloxistas ou conservacionistas e o sector da gandeiría extensiva ou da caza cinexética, e que non deberían estar enfrontados porque poden coexistir, pero aquí trátase de levar o debate a un enfrontamento.

Fálase desta nova Lei que se acaba de propoñer a aprobación e que está en exposición pública ata o 26 de febreiro deste ano, e que en verdade o que cambia nesta Lei é que o control do lobo deixa de executarse a través de sociedades de caza ou tecores, e só se poderá realizar única e exclusivamente polos axentes medioambientais da Consellería. Entonces vostede, señor Núñez, dicía que non se pode cazar o lobo pero iso non é correcto de todo, senón que queda en mans do organismo público ese control.

O número de batidas autorizadas pola Consellería dende o ano 2006 ó ano 2019 son 88, cun total de dezaoito lobos abatidos, e o último lobo abatido foi no 2013, como poden ver nesta gráfica que lles mostro.

A Consellería elude a súa responsabilidade de control da poboación da especie a fin de reducir a conflictividade laboral cando se producen ataques demasiado frecuentes nun espazo físico reducido. Tamén incumpre a Consellería no abandono da responsabilidade de elaborar un censo mínimo cada dous anos; o último censo elaborado pola Consellería, e por iso lle digo que falaba sobre supostos, data do ano 2013, que ademáis elaborouse porque o Ministerio de Agricultura obrigoulle á Consellería a facelo para actualizar.

Polo tanto estase a falar sobre uns datos antigos, os datos que hai do 2013 falan de 60 manadas de lobos no noso territorio, que cifrarían o número total de lobos entre 420 e 625, pero só temos datos do 2013 porque a Consellería non está a cumprir as súas competencias no que ten que ver co control do lobo.

As axudas para a implementación de medidas preventivas son claramente insuficientes; foi o bipartito o primeiro goberno en dispoñer axudas directas para a implantación de métodos preventivos, con cen mil euros por anualidade en 2009, acompañados dun plan específico de cría



de mastíns que permitiu entregar 109 cans de protección a custe cero ós gandeiros que o solicitaron entre 2006 e 2009.

Con posterioridade a Consellería de Medio Ambiente decidiu eliminar este programa que estaba funcionando correctamente, e permitía protexer o gando naquelas granxas nas que se introduciron os cans de garda e protección. Igualmente reducíronse os importes globais das axudas para métodos preventivos pasando de 28.000 euros nos anos 2010, 2011 e 2012, elimináronse no 2012, 2013, 2014, sen axudas para ataques en Galicia, o que demostra que hai un nefasto plan de xestión do lobo en Galicia.

No 2016 retomáronse con 150.000 euros, e 180.000 no 2017, xa que se presionou moito dende a Sociedade Galega de Pastos e Forraxes e OVICA; incomprensiblemente esta partida no 2018 eliminárona outra vez. O máis esperpéntico produciuse no ano 2019 no que inicialmente se convocaron axudas o 8 de xaneiro da orden de 180.000 euros, 718 solicitudes, aprobadas 182, rexeitadas 536, e 52 foron finalmente xustificadas.

A sorpresa foi que nese ano, o 9 de xuño, a cinco días antes das eleccións ó Parlamento de Galicia a Consellería de Medio Ambiente decidiu chamar e enviar cartas a 536 solicitudes denegadas para dicirlles que aumentaran 760.000 euros nas axudas e incluílas nesas axudas porque quedaron fóra por falta de fondos, o que é unha clara política electoralista, e o que pon de manifesto é que cando se quere hai fondos para compensar estes ataques do lobo, e o único que está facendo o Partido Popular é electoralismo barato, e agora unha cortina de fume para escapar das eivas que é a súa xestión.

Tamén é certo que o procedemento administrativo de tramitación e xustificación é moi mellorable, sempre hai uns prazos moi xustos, unha burocracia difícil de cumprir, e fai que moitos dos que reciben ataques por lobos, incluso cumprindo as bases para recibir axudas, queden fóra por falta de tempo e por prazos case imposibles de cumprir.

Polo tanto aquí o que hai é unha clara cortina de fume ante a deixadez de funcións da Xunta de Galicia no control do lobo”.

Intervén a Sra. Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Os socialistas galegos temos claro o compromiso coa ecoloxía, coa defensa do medio ambiente, e ese é o mesmo compromiso que temos coa defensa do rural e da actividade que nel se desenvolve como é a gandeiría.

Non estamos no discurso contra o lobo, cremos firmemente no equilibrio entre protección do lobo ibérico e o mantemento da actividade gandeira con garantías, e reivindicamos unha gandeiría extensiva que active o noso territorio, a nosa economía, e sobre todo loite contra o abandono e os incendios forestais. Tal e como dixo o Consejero cántabro, non queremos que se extinga o lobo, pero o gandeiro tamén é importante, porque tamén hai que preservar ás persoas.

A día de hoxe os galegos, sobre todo os gandeiros, soportan os ataques do lobo, sofren sobre todo a falta de xestión da administración autonómica, xa que a Xunta de Galicia non ten actualizado un mapa e un censo desta especie, a Xunta non responde ós gandeiros con axudas suficientes para compensar os danos nos rebaños, axudas que ademáis se retrasan dun xeito moitas veces insoportable para as persoas que viven no rural; e precisamos que o goberno autonómico adique fondos tódolos anos para poder compensar estes danos, e que as contías estean actualizadas e cubran o custe real das perdas para que non teñan que asumilos a maiores nas súas explotacións.

Xa se dixo que o plan de xestión do lobo en Galicia foi aprobado no ano 2008 polo goberno de Touriño, dende aquel momento nada se fixo, nin sequera os recontos de poboación cada dous anos que se estipulaban no citado plan.

Polo tanto cómpre adaptarse ós tempos actuais, os avances técnicos esixentes, e é necesario elaborar un novo censo de poboación, un novo plan de xestión do lobo baseado nos principios de conservación, prevención e compensación. Ademáis este novo documento ten que ser froito dun consenso, como tamén xa se falou aquí, coas asociacións en defensa do lobo, representantes do sector gandeiro, e tamén do sector veterinario.



Calcúlase que en Galicia poida haber arredor de 700 exemplares, con aproximadamente noventa grupos familiares, principalmente na Serra do Xistral, na Serra da Loba, na Serra do Xurés, na Serra do Courel, na Serra do Larouco e Reboreiro, aínda que non se estima que estean presentes no 94% do territorio galego, no caso de Lugo no 98% da nosa provincia.

Os datos dinnos que os danos provocados por esta especie se incrementan dende o ano 2016 dun xeito importante, e no 2019 os ataques dos lobos mataron máis de 2380 ovellas, vacas, cabalos, cabras, e a metade destes danos producíronse nesta provincia. Mentres os ataques medraron os fondos da Xunta para as axudas ós gandeiros desgrazadamente diminuíron, e no ano 2020 só acadaban os 600.000 euros; como comparación sinalar un país coma Francia, cunha poboación de lobos inferior á galega, só con arredor de cincocentos exemplares, adica 32 millóns de euros, o 80% deles a medidas de prevención.

Como dicía, nós entendemos a convivencia da gandeiría e do lobo, entendemos a convivencia do home e desta especie. Tamén lles presentamos dende o Grupo Provincial Socialista ó Grupo Provincial do Partido Popular unha emenda de modificación á proposta que fan, na que buscamos dialogar e buscar acordos co sector gandeiro e coas autonomías que conviven co 95% da poboación de lobo ibérico nos seus territorios, antes de proceder a cambiar o actual status legal das poboacións de dita especie ó norte do río Douro; e para isto instaríamos ó Goberno de España.

E tamén nesa emenda á moción propoñemos instar por outra banda á Xunta de Galicia a elaborar ese novo plan de xestión do lobo para Galicia, froito dun consenso entre as asociacións da defensa polo lobo, representantes das organizacións gandeiras, e os representantes do sector veterinario. Tamén que a Xunta de Galicia actualice os censos poboacionais e elabore un novo mapa de presenza do lobo.

Que se aumente o orzamento de 2021 para prevención e danos por ataque de lobos, co fin de que garanta o 100% das solicitudes que se cursen en regra, que se actualicen as contías por danos por ataque do lobo para que se cubra o custe real da perda; e tamén que se simplifique a tramitación administrativa e se garanta que se paguen nun prazo inferior a 6 meses dende que se solicita por parte do gandeiro ou gandeira.

E por último que a Xunta de Galicia, como lle compete, estude a proposta de introdución de axudas en materia de prevención, ás explotacións en zonas de risco por ataques de depredadores nos cobros pola PAC e que estas non exclúan as indemnizacións autonómicas por danos causados por depredadores. Polo tanto na man do Partido Popular está aceptar ou non a nosa emenda”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Dende logo don Efrén nós non buscamos enfrontamentos con ninguén; a xente que vivimos no rural somos os primeiros que temos que defender o rural e nunca en base a enfrontamentos. En todo caso o enfrontamento terao vostede co sindicato adscrito, aínda que non sexa o seu sindicato, sindicato labrego galego que reiteradas veces se opuxo totalmente a esta maneira de proceder por parte do Ministerio.

Evidentemente todo o mundo somos ecoloxistas e todos estamos en defensa do entorno natural, pero ninguén máis interesado cós que vivimos, disfrutamos, e padecemos o entorno no que vivimos, lóxicamente parece que deberíamos ser os primeiros cos que hai que falar cando se busca unha modificación dunha lei deste calado.

Polo tanto, dona Pilar, non imos aceptar as emendas porque consideramos que isto é o mundo o revés, primeiro deberíamos retrotraernos ó momento anterior, é dicir a non aprobar a inclusión do lobo nas especies protexidas e paralizar este Proxecto de Lei, e se é así entón eu garántolle que o Grupo Popular vai apoiar totalmente as súas propostas, pero antes hai que paralizar isto; despois efectivamente é cando deberíamos realizar un debate en profundidade, porque evidentemente todo é mellorable.

Vostedes din que nos inventamos as cifras de lobos, non, nós non nos inventamos nada, tódolos días no campo hai axentes forestais, axentes do Seprona, axentes da Policía Autonómica, que fan un seguimento das manadas de lobos e dos movementos dos lobos; evidentemente é unha apreciación, non é unha ciencia exacta.





En todo caso o único que defendemos nós é unha postura conxunta coa inmensa maioría das entidades que hai en Galicia, incluídos por suposto os sindicatos, tamén Unións Agrarias, que se manifestaron neste sentido. Creo que estamos ante un debate ficticio e artificial provocado por unha decisión tomada con moita precipitación. Entonces onde non hai unha ferida para qué poñemos unha tiritá?; imos primeiro solucionar unha protección para que non nos fagamos a ferida, porque iso si que me parece correcto, pero non imos poñer unha venda onde non hai nada que vendar.

En todo caso nós comprometémonos dende o Grupo Popular a apoiar todas estas emendas que básicamente son as mesmas que lle apoiou o Parlamento de Galicia, polo tanto non podemos ser sospeitosos de parcialidade neste tema, pero antes creo que é necesario que se escoite ós territorios afectados que somos as comunidades ó norte do río Douro, e ós veciños e gandeiros sobre todo que son os que teñen máis que dicir sobre este tema, tamén os ecoloxistas por suposto, e a partires de aí retrotraemos e melloramos a xestión dende a Xunta de Galicia, porque todo é mellorable”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Núñez, eu non vou entrar no que di vostede de se é o noso sindicato ou non, porque creo que está fóra de lugar ese comentario.

E como lle dicía antes, este debate está cargado de populismo, aparte de manipulación, e algo de alarmismo; e a vostede parécelle normal que os datos oficiais, e que teñen a obriga de actualizarse cada dous anos, sexan de 2013, para nós cremos que nun tema así non o é.

O certo é que a maioría dos gandeiros e gandeiras deste país están pola coexistencia co lobo; a protección do lobo vén derivada dunha normativa europea, do convenio de Berna, ou sexa que é obrigatoria, e o que hai é que non chegan as axudas. As axudas son claramente insuficientes, só se cobren un 20% das peticións en Galicia, ou sexa que debería aumentarse cando menos ata un millón de euros, xa non poñemos o exemplo de Francia pero aquí cun millón de euros e, como viamos antes, cando vostedes queren, cando é ano electoral chegan a esa cifra.

E despois vostedes fanlle as peticións ó Estado, pero por exemplo o outro día, algo que é competencia da Xunta, Xosé Luis Rivas, Mini, deputado do BNG, plantexoulles unha moción para mellorar a metodoloxía de comunicación no gando calabar do monte galego, e vostedes votaron en contra; en realidade vostedes non queren solucionar a problemática do lobo, que non é o lobo en si senón a falla e a dilación das axudas, porque ademáis de ser insuficientes a media das axudas cóbranse dous anos despois do incidente co lobo.

Polo tanto os gandeiros o que están é desprotexidos polo goberno galego, é certo que tamén terían que aportar unha parte desas axudas destinadas ós gandeiros o Goberno da Unión Europea e o Goberno do Estado, pero quen ten a xestión é a Xunta, e está abandonando pola contía que destina, pola dificultade de xustificar e non destinando diñeiro á prevención como poden ser axudas para facer peches naqueles sitios que sexa posible, ou os plans de mastíns ou varias medidas que contribúen á defensa contra os ataques do lobo.

Por tanto nós cremos que isto é unha cortina de fume por parte do Partido Popular para desviar, cousa na que son mestres, a atención na súa falla de gobernanza nesta situación. Teñen as competencias, terían os medios se os quixeran, e o que fan é abandonar o agro galego e botar balóns fóra dicindo que é culpa dos demáis, pero vostedes teñen gran capacidade para mellorar a situación dos gandeiros e gandeiras ante os ataques do lobo.

Polo tanto convivir lobos con persoas, e o que fan falla son axudas que cheguen de forma dilixente”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Se lle entendín ben ó representante do Partido Popular creo que non aceptan a emenda do Partido Socialista. Pois nese sentido eu o que lles teño que dicir é que, tal e como el expresaba, o mundo ó revés, vaia paradoxo, dicirlle que o mundo ó revés é que o Partido Popular acepte esta emenda no Parlamento, que se vote un texto practicamente idéntico ó que acabamos de traer aquí



como emenda, e que cheguen á Deputación de Lugo e, en contra do criterio que mantivo alí o seu Partido, aquí non a admitan.

Nós dende logo iso si que o entendemos coma unha incongruencia, non temos clara polo tanto cal é a súa posición neste sentido se respectan as directrices que lles dictan dende o seu Partido ou van por libre no caso da provincia de Lugo; pero en todo caso iso é un tema que vostedes teñen que resolver. Nós mantémonos íntegros no que lles dixen ó comezo da nosa intervención para defender a convivencia do home e do lobo con absoluto respecto, e buscando sempre o acordo entre aqueles sectores que se ven afectados, como pode ser, no caso da nosa provincia e por enriba de todo, o sector agrogandeiro, que sen dúbida é o que ten máis afectación a causa do lobo; pero, insisto, defendendo a convivencia de ámbolos dous, tratando de chegar a acordos.

E a Xunta de Galicia, que en definitiva é quen ten as ferramentas e quen non as puxo en marcha dende o ano 2008, esqueceu este asunto e agora ten un problema enriba da mesa, e vostedes coma sempre xogan a darlle unha patada ó balón, poñelo no tellado do contrario ou botalo fóra do campo para dilatar os tempos, pero isto non funciona así, as responsabilidades son da Xunta de Galicia, nós poñemos enriba da mesa unha emenda, coma sempre con absoluto rigor tamén, dicíndolle ó Goberno do Estado cal é a súa parte, pero vostedes non quero pensar que será porque instamos á Xunta de Galicia, deciden non aceptala aquí mentres os seus compañeiros si que a aceptaron no Parlamento.

E, se non admiten a emenda, por suposto anunciámoslles o noso voto en contra”.

Intervén o Sr. Deputado D. Jesús Manuel Núñez Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Señora Porto, ningunha incongruencia, creo que repetín dúas veces que as súas emendas encantados de aceptalas pero primeiro temos que solucionar o problema principal, que é o que vostedes crearon en Madrid; cando o problema principal que vostedes crearon en Madrid quede alo menos aparcado, e non digo que non se vaia nese sentido, pero polo menos aparcado, entón non se preocupe que lle imos aceptar as emendas, incluso aumentadas e melloradas.

Pero fíxese se isto é o mundo ó revés, aínda que vostede di que non, unha moción que nós traemos por unha acción do Goberno de España acaban, tanto o voceiro do BNG coma a voceira do PSOE, falando única e exclusivamente da Xunta, por favor!. Está ben que aproveiten calquera momento para darlle paus á Xunta, pero non aproveiten tamén cando o que meteu a pata é o Goberno Central; iso é outro pau máis na roda ó mundo rural da España despoboada que vostedes din defender, pois deféndanos de verdade”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar á moción presentada.

## **7.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO PROVINCIAL A DESEÑAR E EXECUTAR UN PLAN DE RECUPERACIÓN, MANTEMENTO E POSTA EN VALOR DOS BENS PATRIMONIAIS DA DEPUTACIÓN.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:



“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Provincial a deseñar e executar un plan de recuperación, mantemento e posta en valor dos bens patrimoniais da Deputación

### *Exposición de Motivos*

A Deputación de Lugo é titular dun amplo patrimonio que, como se vén demostrando continuamente, non está debidamente conservado nin difundido. Exemplo do mal estado en que se atopan algúns bens provinciais é a Casona do Incio, e mostra da mala xestión que fai a Deputación dos seus bens é a Casa da Botica de Guitiriz, que acabou no chan por falta de dilixencia no seu coidado e protección. E dá para máis dun libro o estudo da pouca consideración en que o goberno provincial ten as instalacións dalgúns dos clubs náuticos que están baixo a súa responsabilidade.

Este grupo comprobou ao longo dos últimos meses o nivel de abandono dalgúns destas instalacións que en algún caso permanecen pechadas dende hai anos como é o caso do complexo de Augasmestas en Quiroga, o club náutico de Portomarín e o club náutico de Belesar Presa.

Os exemplos do estado de abandono nos que se atopa unha gran parte do patrimonio da Deputación son abundantes. Resulta especialmente lamentable a situación na que se atopa a nave situada en Begonte que deberían albergar un centro de formación de canteiros herdeiro do taller do escultor Manuel Mallo.

A lei establece con claridade as obrigas dos propietarios de bens inmobles. No caso de edificios catalogados ou con elementos catalogados a lei 5/2016 2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia é moi clara ao definir o patrimonio cultural de Galicia e tamén o é ao establecer as obrigas da administración local en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localizan no seu ámbito territorial:

- a) Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

b) Adoptar, en caso de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados.

c) Comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran.

d) Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei.

A citada lei establece o deber de conservación: “As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración”.

A maiores, hai que sinalar o deber de conservación que, con carácter xeral, alcanza a todos os propietarios de bens inmoables, teñan ou non teñan algún grado de protección. É indeclinable a obriga de manter tales bens nas debidas condicións de seguridade e ornato.

O da Deputación é un patrimonio que pertence a todos os lucenses; é obriga do goberno provincial tomar as decisións adecuadas para conservalo e achegalo aos veciños de toda a provincia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

“Instar ao goberno provincial a deseñar e executar un plan de recuperación, mantemento e de posta en valor dos bens patrimoniais da Deputación que comprenda:

- Un diagnóstico con información xenérica de cada inmoable
- Unha análise e avaliación da súa situación estrutural e riscos, en orden a priorizar inmoables a intervir e tipos de intervención
- Un plan de conservación e restauración
- Un programa de execución do citado plan
- Un programa de mantemento



- Accións de difusión”

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Como ben saben vostedes, moito mellor cá nós, a Deputación de Lugo é titular dun amplo patrimonio na nosa provincia; levamos, tamén é ben certo, varios anos denunciando a súa falta de posta en valor e en moitos casos o seu mal mantemento, nalgún caso moi grave pola malísima situación de ruínas que teñen algún dos casos, podemos falar da Casa da Botica de Guitiriz, que agora xa non existe, e podemos falar se queren tamén da Casona do Incio.

Pero é ben certo que volve de novo á palestra precisamente por estas dúas circunstancias; o colmo foi coa demolición da Casa da Botica en Guitiriz, a verdade é que o despropósito dese expediente chegou a un punto onde non queriamos estar, que era a Casa da Botica, unha propiedade importante para Guitiriz, todo polo chan. E non é certo que foran os temporais, señores do goberno, foi unha mala política de conservación dos bens da Deputación de Lugo; porque non se puxeron os apeos que se pediron na acta de incio de replanteo antes do inicio da obra?, se estivesen os apeos teriamos claramente aínda de pé a Casa da Botica.

Igual ca iso, pasa tamén coa Casona do Incio; señor Presidente, se vostede escoitase ós veciños e non os botase fóra do pleno vería que están pedindo algo xusto, e algo necesario e positivo para a provincia, que é precisamente poñer en valor todos eses bens que dende logo esta Deputación non o está a facer.

Pero é que levamos anos dicindo que hai multitude de bens, e algún xa non é histórico, son bens modernos pero que están abandonados da man da Deputación de Lugo do goberno bipartito. Volvo repetir, e xa veu tamén a este pleno, Augasmestas en Quiroga, abandonado cun patrimonio aí de moitos millóns de euros da Deputación de Lugo; o Clube Náutico de Portomarín; Belesar; e xa non imos falar doutros bens coma o Pelegrín I que acabou afundido, ou os diferentes pantaláns que están en moi mal estado.

A súa política de protección do patrimonio provincial de tódolos lucenses é nefasta. Hoxe mesmo a Deputación de León saca un plan, que lle chaman R, de rehabilitación con seis millóns de euros, téñeno aí ó lado; pois simplemente o que pide o Partido Popular é precisamente que tomemos en serio o noso patrimonio cultural, e tamén todo o patrimonio en si. Ó final o que quere o Partido Popular é precisamente que se faga un plan conxunto, un plan rigoroso, que tratemos, xa non de rehabilitar todas esas construcións que están en moi mal estado, senón que ademáis tratemos tamén de poñer en valor todas aquelas que existen.

Por todo iso o Partido Popular o que pide é que se adopte un plan para protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Adoptar, en caso de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viran a súa integridade ou valor ameazados. E comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural. Simplemente cumprir a Lei de Patrimonio, a Lei 5/2016.

Polo todo iso o Partido Popular o que quere é presentarlle ó goberno da Deputación unha moción para executar un plan de recuperación, mantemento, e posta en valor dos bens patrimoniais da Deputación de Lugo, e que comprenda en primeiro lugar un diagnóstico con información xenérica de cada inmovible, non o temos. Unha análise e avaliación da súa situación estrutural e riscos, en orde a priorizar os inmovibles a intervir e tipos de intervención. Un plan de conservación e restauración. Un programa de execución do citado plan. Un programa de mantemento. E ademáis accións de difusión.

Quedoulles diñeiro de Suplusa, practicamente catro millóns de euros, para poder achegar a este plan. Creo que a Deputación de Lugo ten fondos tamén nos remanentes, e podería facer tamén un esforzo nos Orzamentos, e a verdade é que é importante, poderíamos empezar con eses seis millóns de euros que está a facer a Deputación de León, que é un exemplo neste caso; redundaría no ben de todos, poñería en valor todas esas edificacións, e ademáis axudarlle a moitos concellos a ter un plus máis para presentar os seus concellos turisticamente e aproveitar eses bens.

Non queremos que pase o que pasou na Casa da Botica en Guitiriz, deixaron caer esa edificación, e non sei porque motivos escuros non foron capaces de conservar esa fachada. Pódelle





pasar exactamente o mesmo á Casona do Incio, xa está desmoronada nunha parte e levamos tempo avisando, esperemos que non sexa tarde, nós volvemos reivindicar isto en positivo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido.

“A verdade, señor Castiñeira, é que vostedes non resultan moi cribles, téñollo que dicir abertamente, sobre todo por dúas cuestións. A primeira delas é porque faltan á verdade, e fano ademáis interesadamente, non é que teñan querencia a magnificar algunhas cuestión, pero dunha oposición que o único que fai é rexeitar as accións do goberno e criticalas sen facer ningunha proposta real e construtiva, pois tampouco nos ten que sorprender.

E para motivos escuros os seus que algún día nos terá que contar o segredo. Sobre a Casa da Botica e sobre a Casona do Incio teñen moito máis que dicir da súa conservación durante os últimos anos vostedes ca calquera dos que estamos gobernando hoxe en día aquí; porque vostedes tiveron a tutela de Suplusa durante o último mandato nesta Institución, e porque vostedes condicionaron en todo momento ó goberno desta Deputación durante os últimos catro anos do anterior mandato en beneficio do seu Partido. E iso é unha gran verdade que a sabe todo o mundo na rúa. Polo tanto vostedes faltan á verdade interesadamente; daquilo sobre o que tiveron responsabilidade no seu día hoxe queren culpar a quen non tiña capacidade para actuar.

Pero deixando iso a un lado, nestes traballos avanzouse moitísimo os últimos dous anos, atraveríame a dicir no último ano e medio. E sobre algunha acusación que vostede quere verter veladamente sobre os políticos, o que está facendo en realidade é poñerlle a responsabilidade enriba da mesa ós técnicos desta Casa, algo que vostedes adoitan facer con bastante frecuencia, culpar ós técnicos desta Casa de determinadas cuestións, e eu creo que nese camiño están errando.

Vostede falaba de quen ten a responsabilidade para apuntalar, pois a responsabilidade para apuntalar tena a empresa contratada, e quen ten a obriga de obrigarlle a que o faga é o director de obra, non os políticos, e vostede sábeo igual cá min. Polo tanto eu creo que erra con ese camiño que está escollendo señor Castiñeira.

Sabe vostede tan ben coma min que as instalacións ás que se refire non están abandonadas neste momento, por iso traen esta moción a pleno, porque saben que houbo movementos durante o último ano; porque seguramente terán acceso a determinada documentación da Deputación que lle fai pensar que se está traballando, e iso non lle gusta, porque iso é o que fixeron vostedes como responsables de Suplusa que estiveron coa maioría no Consello de Administración durante os últimos catro anos, e cos condicionantes que lle poñían a este goberno da Deputación de Lugo.

O que intentan vostedes é estender ademáis as dúbidas sobre a xestión deste goberno, pero erran completamente no seu plantexamento. Vostedes estenden e mesmo repiten cousas que non teñen sentido nos puntos de acordo; e o que resulta máis importante, esquecen unha parte fundamental cando se fai un plantexamento deste tipo, que é a parte económica; moitos destes traballos a día de hoxe xa están en marcha. Pero eu cando lles falo de que é importante ter en conta o plantexamento económico dígollo por unha cuestión ben sinxela, porque a min levoume cousa de dez minutos sumar as propostas que levan feito vostedes con cargo ó ano 2021; e se aínda encima lle sumo os seis millóns que nos acaba de propoñer para facer un plan de rehabilitación coma o da Deputación de León, ó mellor estamos rondando os dezaioito ou vinte millóns de euros, señor Castiñeira; quéreme dicir vostede de onde os quita?, quítaos do Plan Único?, quítaos das residencias?, quítaos das axudas que hai para emprego?, das axudas que hai para diferentes colectivos nesta provincia?, quítaos das estradas?, quítaos de turismo e da hostalaría?.

Deberían ser vostedes máis serios e máis rigorosos nos plantexamentos que fan, porque deben estar rondando os dezaseis ou dezaioito millóns de euros; e vostede coñece tan ben coma min o Orzamento desta Deputación, e sabe que todo o que está propoñendo é un despropósito.

A maiores de todo isto o certo é que é algo inusitado porque nunca con anterioridade escoitamos á súa antecesora no cargo, ou a calquera outro Deputado do PP, pedir que se destinara unha soa partida de cartos para a conservación ou mantemento do patrimonio da Deputación nos últimos catro anos do mandato anterior, porque as súas propostas, os seus debates, os seus condicionantes, non ían arredor disto que agora parece que lles preocupa moito, e non é así, só o utilizan como crítica; non o facían porque vostedes intentaban manipular a Deputación e condicionala en beneficio única e exclusivamente do seu Partido, tanto dende Suplusa coma dende o goberno da Deputación Provincial que non tiña maioría.



E ese foi o seu xogo durante catro anos; grazas ós votos dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, e a un acordo que hai no grupo de goberno, estes tempos acabáronse, señor Castiñeira. Polo tanto vostedes si que tiñan responsabilidade durante catro anos á fronte de Suplusa, que era titular de moitos destes bens, para poñelos en marcha, non o fixeron nin lles preocupou, preocúpalles agora.

É unha magoa ver como se distorsionan os discursos en función da posición na que se atopan”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu creo que o debate desta moción da para o que da. A señora Porto acaba de explicalo ben claro, dous dos bens nos que máis fincapé se fai nesta moción eran propiedade da extinta Suplusa, e durante catro anos vostedes tiveron o control e terían que explicar que fixeron con ese control, que intereses tiñan, porque en verdade neses catro anos aí si que houbo abandono, e ningún paso adiante en saber que se ía facer con eses bens, e sobre todo cero euros destinados a ese tipo de bens. Durante o seu goberno en Suplusa e o seu curto goberno na Deputación está moi claro por onde ían, ían facer convenios cos seus amigos.

Ante todo iso e esta demagogia que están facendo, o que hai nas distintas áreas do goberno cos bens inmobles que ten a Deputación son diferentes propostas para mellora, posta en valor ou restauración, tendo en conta que o diñeiro é finito. Polo tanto cada vez que se inviste un euro neses edificios hai que decidir de onde se detrae.

Polo tanto a realidade é que este goberno está facendo un esforzo pola posta en valor do patrimonio da Deputación, e pola mellora e conservación; e vostedes durante eses catro anos non fixeron nada, e agora traen unha moción aquí, con grandes doses de populismo que caracteriza ó Partido Popular, para tratar de non sabemos moi ben o que.

Pois a realidade é que se están facendo esforzos para manter o gran número de patrimonio que ten a Deputación, e vostedes a bagaxe que teñen é cero, o abandono total. Polo tanto agora veñen con isto, e deberíannos explicar se é que hai catro anos eses bens non tiñan importancia e a foron gañando, ou se é que, como é habitual en vostedes, dependendo de se gobernan, ou quen goberna en cada concello, teñen unha postura ou outra, porque sería a única explicación.

Polo tanto nós evidentemente imos votar en contra desta moción porque é máis ca innecesaria, xa hai proxectos para todo iso que se pide, e a quen lle toca gobernar é o goberno por moito que lles moleste, pero nas democracias súmanse así as maiorías; e nós nestas mocións populistas e pouco fundamentadas evidentemente temos que opoñernos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Alo menos alégrome de que a culpa non sexa da Xunta de Galicia, si que é verdade que a culpa é do Partido Popular.

Aplícolles unha frase moi coñecida do señor Sánchez, falando da fiscalía dicía “a fiscalía, de quen é a fiscalía?, a fiscalía é do Goberno“. Pois Suplusa exactamente igual, de quen era?, pois da Deputación de Lugo. Pero é que ademais a proba é clarísima; vostedes mesmos cando quixeron permanecer totalmente aparte das decisións da comisión liquidadora o fixeron, cando tiveron que botar ós traballadores de Suplusa para Tragsa non fixo falta a comisión liquidadora de Suplusa. Vostedes presiden a Deputación de Lugo, que era a dona do 100% das accións de Suplusa; non poñan excusas porque vostedes, igual que usaron para residencia a Casa da Botica e usaron outras circunstancias, poden facer exactamente o mesmo. E fáganse responsbles precisamente dos feitos; os feitos están aí”.

Mire, señora Porto, non tardaron nin un minuto en alongarlle o prazo á empresa simplemente usando a excusa de que necesitaban apear a fachada. Vostedes, o goberno da Deputación sabían perfectamente que había que apear a fachada, porque para iso lle prorrogaron o prazo, non se escuse porque iso é absolutamente certo. Teñen diñeiro, teñen os catro millóns de euros que deixou Suplusa. E en canto a de onde poden quitar o diñeiro, por moi fácil, eses



convenios que vostedes usan a dedo con moitos dos seus concellos, o ano pasado máis de catro millóns de euros, téñeno facilísimo.

Pero faime moita graza porque o que vostedes lle reclaman á Xunta, contificamos aquí os cartos que lle levan reclamados á Xunta de Galicia, e agora fan o uso do debate de que non hai cartos e que se priorice, pois evidentemente aplíquense o conto.

En canto ás incompetencias, vostedes non teñen competencias nin responsabilidades absolutamente de nada; téñeno facilísimo, copien o plan de León, busquen seis millóns de euros, catro xa os teñen porque llelos deixou Suplusa, o resto é moi sinxelo; e sobre todo cumplan as súas promesas, cumplan as promesas cos veciños do Incio, coa que foi tamén a súa Alcaldesa no seu día, que lle tiñan prometido precisamente a Casona do Incio, e sobre todo cuiden todo o patrimonio que ten a Deputación de Lugo, non só iso senón outras cousas máis. E recorde que vostede se comprometeu a poñer en valor Augasmestas e todas esas áreas recreativas no ano 2021, estamos en febreiro, recorde, que despois vai chegar tarde e logo ou non hai competencias ou é culpa da Xunta de Galicia”.

Intervén a Sra. Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O señor Castiñeira, como vén sendo habitual, manipula absolutamente a información, colle un titular dun xornal de León e terxiversa completamente un plan para convertelo noutro. Nós non lle podemos copiar á Deputación de León porque o que está propoñendo non ten nada que ver co patrimonio da propia Deputación; vostede colle un titular e pretende facerse eco del, converténdoo en algo que non é; non é un plan para repoñer o patrimonio da propia Deputación, senón que é un plan que a Deputación de León asina e comparte co Instituto da Cultura Leonés e que poñen en marcha para conservar e restaurar a totalidade do patrimonio.

Polo tanto isto deberíallo traspasar vostede á Xunta de Galicia, e sinto ter que insistir nesta cuestión, pero é que a Xunta de Galicia ten un nulo compromiso co patrimonio cultural da nosa provincia; polo tanto isto deberían estarlo pedindo ó seu Presidente na Xunta de Galicia. Porque a Consellería de Cultura, Educación e Universidade adica nos Presupostos de 2021 cero euros a

investimento no patrimonio cultural, señor Castiñeira. Se quere copiar o plan da Deputación de León ten que facelo polas canles correctas e traspasarlo á Xunta de Galicia.

Pero centrándonos no que interesa, nin hai abandono nin hai falla de dilixencia na conservación e, tal e como lle dixen na primeira intervención, vostede erra intentando pensar que culpando ós técnicos da Casa de dilixencia a través dos políticos vai acadar un resultado existoso, pois non é así; ou non coñece como traballa a Deputación ou só lle interesa, que é moi probable, sementar dúbidas sobre o traballo que se fai dende aquí e sobre o que teñen unha grandísima responsabilidade os técnicos da Casa, e sobre os que nós non temos ningunha dúbida, ó mellor vostede si.

E facendo referencia ós temas que mete nesta moción, é un cóctel de todo o que foron traendo cun constante goteo a este pleno. Polo tanto non hai ningunha novidade, crítica sobre crítica, señor Castiñeira, e cero aportacións. Penso que habería que facer ó revés do que vostede propón, e alabar o traballo e o esforzo dos técnicos que están implicados en manter, como dixo o compañeiro Efrén, o patrimonio desta Institución dende as diferentes áreas, cousa que non é doado porque temos un importante patrimonio protexido para o que a Xunta de Galicia nunca aportou un céntimo, pero igual ca no resto da provincia, nin están nin se lles espera.

E vostede é incongruente nas propostas porque, entre outras cuestións, e a modo de anécdota, pide un diagnóstico con información xenérica de cada inmovible, e digo eu que un diagnóstico de valor debería incluír información concreta e específica. E xa non lle paso a valorar o resto de acordos porque creo que non merece nin a pena”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Como dicía antes, o debate da para o que da. Eu entendo que o señor Castiñeira se desmarque da xestión de Suplusa da lexislatura pasada porque eu tamén o faría, pero a realidade é que estiveron xestionando, entón ás veces a realidade atropéllaos cos desexos, é normal que queiran desmarcarse desa xestión, pero o caso é que a xestionaron.



Dicía que non nomearamos á Xunta de Galicia, non a nomeamos pero poderíamos porque a Xunta ten a obriga de axudar a manter os bens patrimoniais e non o fai, pero non o fai cos bens propiedade desta Deputación nin cos bens de propiedade propia, nin axuda a ningún concello a mantelo.

Pero despois a realidade é a que lle dicimos, con moito esforzo, e porque é certo, e non se pode facer outro tipo de declaracións, porque temos un patrimonio moi extenso e é difícil xuntar todo o diñeiro que fai falla para que estea todo o patrimonio en óptimas condicións, pero con todo ese esforzo tódalas áreas están facendo plans para a mellora dese patrimonio. Polo tanto o que hai é unha preocupación e unha posta en valor do patrimonio da Deputación, cousa que, é claro e notorio que na lexislatura pasada no que tiña que ver co Suplusa, cero, vostede falou deses bens pero non me explicou se na lexislatura pasada a vostede lle daba igual os veciños do Incio, ou é que como había unha alcaldesa socialista xa non lles preocupaba o Incio. Con ese tipo de políticas que fixeron na xestión de Suplusa é complicado seguiilos.

Por tanto o que hai despois do seu populismo son varias iniciativas para a mellora do patrimonio en tódalas áreas, tendo en conta a dificultade orzamentaria que supón a extensión do noso patrimonio; e vostedes ó que veñen aquí é a este populismo con propostas pouco claras, e que, cando gobernaban non lle interesaban”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Empezamos o pleno con incoherencias e contradicións, e rematámolo con contradicións.

Digo isto porque no pleno do 28 de xaneiro de 2014, a unha moción do Partido Popular pedindo o deseño dun plan de posta en valor do patrimonio da Deputación, onde xa falabamos daquela da Casona do Incio, onde xa falabamos de Augasmestas, onde xa falabamos de moitos outros problemas, vostedes votaron a favor, PSOE e BNG. Señora Pilar García, vostede votou a favor dun plan de mantemento e posta en valor do patrimonio no ano 2014. Non fixeron absolutamente nada; hoxe votan en contra non sei porqué, debe ser porque o trae o señor

Castiñeira. Pero no ano 2014 vostede e o señor Raposo, que tamén está aquí, votaron a favor dese plan, e non fixeron absolutamente nada; e daquela tiñan Suplusa e tiñan moitos medios, así que non veñan con desculpas baratas de Suplusa e demáis, é unha cuestión de vontade.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ó Grupo Provincial Socialista e ao Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar á moción presentada.

## **PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

### **8.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

Dáse conta das Resolucions da Presidencia ditadas dende o día cinco ao vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucions numeradas dende o 1 ao 136. O Pleno da Corporación queda enterado.

### **9.- COMUNICACIONS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.





## ASUNTO DE URXENCIA

Polo Sr. Presidente maniféstase que hai unha moción de urxencia presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, se así a acepta o Pleno, polo que se procederá en primeiro lugar ao debate e votación da declaración de urxencia da mesma.

**Moción de urxencia do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao equipo de goberno provincial a demandar do Goberno de España a que manteña a Sala do 091 da Policía Nacional na Comisaría de Lugo, aumentar os medios humanos e materiais cos que conta dita Comisaría e a creación na mesma da Unidade de Prevención e Reacción**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao equipo de goberno provincial a demandar do Goberno de España a que manteña a Sala do 091 da Policía Nacional na Comisaría de Lugo, aumentar os medios humanos e materiais cos que conta dita Comisaría e a creación na mesma da Unidade de Prevención e Reacción

### *Xustificación da Urxencia*

A data de hoxe infírese que o goberno central mantense firme na súa decisión suprimir na comisaría de Lugo a sala 091 o vindeiro 1 de marzo o que supón trasladar este servizo á Coruña e deixar desprotexidos aos lucenses.

O Grupo Provincial do Partido Popular considera que a Deputación como institución fundamental na provincia debe de pronunciarse con rotundidade en defensa do mantemento deste

servizo. Un servizo que é demandado pola cidadanía en xeral e concretamente pola Federación Provincial de Asociacións de Veciños e polo Sindicato Unificado de Policía (SUP), tal e como lle trasladaron representantes dos dous sectores a membros deste grupo na reunión mantida o pasado venres 19 de febreiro.

E por outra parte, a Comisaría da Policía Nacional de Lugo carece da Unidade de Prevención e Reacción; unidade que está operativa na maior parte das capitais de provincia de España. A súa creación é unha demanda largamente sostida pola cidadanía lucense e polos citados colectivos que, no seu día, xa expresaran publicamente a necesidade de que a cidade albergase este servizo e, dende este grupo, creemos que é o momento de cubrir esta carencia na capital da nosa provincia.

Por todo elo, consideramos que é urxente aprobar esta moción.

#### *Exposición de Motivos*

Na actualidade, as Comisaría de Ourense e Lugo contan con Salas do 091, en funcionamento 24 horas ao día, 365 días ao ano, que atenden a máis de 200.000 veciños nas cidades de Ourense e Lugo. Estas Salas son o órgano de coordinación operativa por excelencia, como servizo máis próximo ao cidadán, que recibe os avisos dos cidadáns e distribúe os efectivos policiais, e están dotadas de avanzados equipos de comunicacións e medios técnicos para afrontar con eficacia as situacións de emerxencia. Na área de telefonía, os axentes atenden as chamadas, recollen os datos precisos e activan de forma telemática os recursos necesarios para resolver a incidencia. O tempo medio de espera das persoas que solicitan o auxilio policial a través do 091 ata que a súa chamada é atendida sitúase ao redor dos 6 segundos.

A zona de radio é a que recibe a información do suceso a través dos operadores e encárgase de contactar coas patrullas máis próximas ao lugar onde se require a presenza de axentes co obxectivo de diminuír os tempos de resposta policial. Os operadores da sala do 091 son os responsables de comisionar os servizos e requirimentos operativos ás unidades e dotacións en servizo. Tamén centralizan e dan resposta ás peticións e consultas ás bases de datos de interese policial solicitadas polos axentes en servizo, e transmiten as instrucións oportunas relativas ao



cumprimento das normas de aplicación das ordes xudiciais de afastamento e protección das vítimas de violencia de xénero.

Ademais, desde este centro de operacións asúmese a coordinación operativa en caso de situacións de risco inmediato, emerxencias e dispositivos especiais. Temos noticias a través dos sindicatos policiais e dos veciños afectados de que o Goberno pretende trasladar á A Coruña as Salas do 091 de Ourense e Lugo o cal minguaría de maneira importante o movemento e eficacia deste servizo prexudicando a seguridade en ambas as cidades, debido á proximidade e ao coñecemento que deben ter os axentes da zona de influencia. Sendo este un servizo que require de proximidade para que o tempo de reacción sexa o máis rápido posible, cun coñecemento exacto de cada recuncho da cidade. Así mesmo as Comisarías de Policía Nacional de Ourense e Lugo contan cun déficit de 49 e 41 axentes respectivamente, o cal fai necesario e urxente cubrir o total dos persoais.

Por outra banda, cómpre sinalar que Lugo é unha das poucas capitais de provincia que carecen da Unidade de Prevención e Reacción que poida facer fronte, coa dotación de medios humanos e materiais, e coa preparación técnica que se require, a grandes concentracións ou manifestacións polo que hai que empregar unidades doutras cadros de persoal.

Por iso, entendemos que é necesaria a creación desta Unidade na Comaría da Policía Nacional de Lugo.

É máis, a súa creación permitiría colaborar con outras unidades policiais, algunhas xa implantadas como a Brigada Provincial de Extranxeiría e Fronteiras, e serviría como reforzo as comisarías de Viveiro e Monforte, xa por si moi diminuídas de persoal.

As UPRs son dispositivos de intervención rápida para apoio en cuestións relacionadas coa seguridade cidadá. Concíbense como dotacións destinadas á prevención, mantemento e, no seu caso, ao restablecemento da orde pública dotadas cunha estrutura prefixada e medios suficientes para acometer con solvencia as funcións específicas que lle son propias.

As súas funcións consisten en dispositivos especiais de prevención da delincuencia, mantemento da orde pública e seguridade cidadá, apoio a outras unidades ou servizos e institucións en dispositivos puntuais.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción do seguinte acordo:

“O Pleno da corporación provincial insta ao equipo de goberno provincial a demandar do Goberno de España a:

- Manter as Salas do 091 da Policía Nacional nas Comisarías de Ourense e Lugo, e así mesmo aumentar os medios humanos e materiais cos que contan ditas Comisarías provinciais.
- A creación dunha Unidade de Prevención e Reacción en Lugo na Comisaría da Policía Nacional de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Tendo en conta que a Deputación debe representar os intereses dos lucenses e non os do Goberno Central. Tendo en conta que o xeito no que a Deputación pode amosar a defensa dos intereses dos lucenses é demandar a outras Administracións actuacións e ata abstencións. Tendo en conta que este é o derradeiro pleno no que podemos amosar a nosa discrepancia coa decisión do Goberno Central pois a medida entra en vigor no vindeiro mes.

Tendo en conta que o Partido Popular intenta sempre escoitar tódalas posturas e tódalas achegas posibles para garantir que estamos a facer o mellor traballo posible en beneficio dos lucenses. Por iso agardamos escoitar ós representantes dos nosos veciños, á Federación de Asociacións Veciñais e ós representantes da Policía, cos que puidemos falar o pasado venres. Tendo en conta que o pleno estaba convocado xa o pasado venres con anterioridade, e as nosas mocións xa foran rexistradas a esta sesión.



Entendemos que a urxencia da moción en defensa da permanencia da sala do 091, e en contra dos recurtes políticos do bipartito no Goberno Central contra os intereses dos lucenses, queda suficientemente xustificada, e pregamos que non eviten o debate nun tema tan sensible coma o da seguridade dos nosos veciños e a nosa propia”.

A continuación intervén a señora Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Despois de escoitar ó señor Poy convén ter en conta unha serie de cuestións importantes, porque cando o Partido Popular reclama agora o que calaba en tempos de Rajoy creo que deberíamos ter en conta que este é un proxecto que formaba parte dos plans de modernización da policía plantexados en tempos de Rajoy, que daquela a vostedes lles parecía moi ben, estamos falando do ano 2017, e non se aplicou antes simplemente porque a lentitude e os recurtes os deixaron sen executar e agora se levan adiante. Tal vez algo tivo que ver que vostedes votaran en contra dos Orzamentos do Estado, non entendo porque sendo aprobados por vostedes, e sen falar antes, agora mesmo lles parece isto tan mal.

Tendo en conta que a Deputación e cadaún de nós temos que defender os intereses dos veciños, non entendo porque vostedes non rexistraron isto antes para o pleno, xa que isto foi anunciado en diferentes medios de comunicación e por parte da Federación de Veciños creo recordar que polo mes de decembro. Alo menos dous plenos houbo para que vostedes puideran plantexar isto.

Polo tanto se non agardaran eses dous meses estaría incluído na Orde do Día de calquera outro pleno ordinario. E tendo en conta que ademáis os intereses do Partido Popular parecen limitarse a que veñan as diferentes autoridades deste Partido facer unha foto diante da Comisaría, pois nós consideramos que non é urxente este asunto”.

Intervén o Sr.Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dicir que, como ben dicía a señora Porto, esta non é unha noticia que saltara hai quince días, senón que xa hai tempo que se sabe; o Partido Popular decidiu traer as mocións que viu convintes co contido que tiñan, algunha practicamente baleira de contido, e non lles preocupou moito este tema podendo telo traído en tempo e forma.

Polo tanto nós non vemos que sexa un asunto urxente, poden traelo a debate en calquera outro pleno, e se así o deciden que o faga o Grupo Popular”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción, e vetificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG).

O Sr. Presidente pregúntalle a Sra.Secretaria Xeral se non é necesario repetir a votación ao ter como resultado un empate. A señora Secretaria, dona María Esther Álvarez Martínez manifesta que non é necesario xa que para que prospere a declaración de urxencia, e polo tanto a inclusión da moción na Orde do Día, é necesario o quorum da maioría absoluta, que neste caso serían trece votos, polo que ao acadarse só doce votos queda rexeitada a declaración de urxencia.

Polo tanto o Presidente declara rexeitada por maioría a declaración de urxencia da moción.

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que hai tres Rogos e duas Preguntas presentados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

### **P R E G U N T A**

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ós terreos cedidos por Unión Eléctrica Fenosa SA nos que se ubica o Club Náutico de Belesar Presa.



Intervén o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Antes de formular a pregunta quixera preguntarlle á señora Secretaria que entendo que para rexeitar a urxencia é cando fai falla a maioría absoluta, ou é ó revés?”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Señor Castiñeira, o ROF di que as consultas á Secretaria ou á Interventora fainas quen preside o acto, polo tanto se vostede quere pregunteme a mín. En todo caso creo que a Secretaria explicouno moi claro, como aquí se trata de incluír na Orde do Día e non de retirar, fan falla os trece votos para poder incluílo, non houbo os trece votos e polo tanto non se inclúe”.

Intervén para formular a pregunta o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Cal é a situación actual de uso, disfrute e titularidade dominical dos terreos que no seu día foron cedidos por Unión Eléctrica Fenosa, S.A. á Deputación Provincial de Lugo, para o fomento do turismo, deporte e protección ecolóxica no encoro de Belesar, e nos que se ubica o Club Náutico Belesar Presa cuxa vixencia resultou caducada o pasado 24 de agosto de 2020”.

Seguidamente intervén a señora Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Debería vostede dirixir esta pregunta a outro lugar, debería dirixila á propietaria do ben ó que se refire e que ademáis, como afirma na propia pregunta que formula, non é da Deputación Provincial”.

A continuación intervén o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Claro señora Deputada, pero é que alí temos unhas instalacións que son provinciais, unhas instalacións que son útiles para tódolos veciños desa zona. Entonces a miña repregunta é a seguinte: van pedir vostedes unha nova concesión deses terreos?, porque senón imos perder unhas instalacións que son estupendas. A non ser que queiran que non se prorrogue e así non as arreglan, e co cal quedamos sen ningún tipo de edificación nin instalacións que é o que parece que queren.

Polo tanto a pregunta é moi concisa, van vostedes pedir unha nova concesión?, porque iso vai interromper clarísimamente os intereses da posta en valor dese ben, que intuíamos ía ser neste ano”.

Intervén a señora Deputada dona M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Iso que vostede está facendo non é repreguntar, é formular unha nova pregunta. Polo tanto eu voulle recontestar a pregunta que xa formulou para este Pleno.

A Deputación de Lugo nin ten o uso, nin o disfrute, nin a titularidade das instalacións ás que vostede se refire, señor Castiñeira. E con tanta obsesión que lle vexo, se me permite a broma, polos fluviais, deberían nomealo patrón maior dalgún barco alá pola Mariña”.

## **R O G O S**

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo as vías de titularidade provincial no concello de Carballedo.

Intervén, para formular o Rogo, o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Novamente, e vista a súa terquedad, xa non nestes asuntos senón en todo o que plantexa o Partido Popular, volvemos coas estradas de Carballedo. Sabe vostede que no día de onte quedou un autobús atrancado nunha carretera provincial, despois de avisar o Partido Popular innumerables veces; pero vostede, erre que erre, segue na súa liña.





O estado de moitas das estradas provinciais é moi malo ou cando menos pésimo, por falta de mantemento adecuado e continuo. Así o puxo de manifesto o Grupo Provincial do Partido Popular recentemente nunha moción para reclamar a mellora de vías da Deputación, presentada na anterior sesión plenaria e rexeitada polo goberno provincial.

A realidade non se pode esconder e os feitos son teimudos. Días pasados, un autobús escolar quedou atrancado na estrada LU- P – 1803 “Caporramiro (LU – P- 1801) Vilauxe – Castro de Carballedo (LU –P- 1001)”, no Concello de Carballedo, no lugar de Castro, debido a que a vía se atopa en condicións moi malas, ademáis vostede recoñeceuno na propia prensa.

A vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno provincial que atenda as solicitudes dos veciños e do Concello de Carballedo, de toda esa xente, asociacións de veciños, agora xa unha plataforma en protesta polo estado das estradas da Deputación Provincial. E proceda a mellorar as vías da súa titularidade neste municipio e na comarca da que forma parte”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Os Rogos non hai porque contestalos pero, dadas as especiais circunstancias, si que lle vou dicir algunha cousa, ademáis hoxe non se pode queixar de min porque non interviñen nos debates. Polo tanto, aínda que me citaron nalgunha ocasión non entrei nelo.

Mire, señor Castiñeira, eu creo que non se debe mentir, porque vostede acaba de dicir que eu o recoñecín na prensa, pero eu non recoñecín nada na prensa, e na prensa sae hoxe. E esa estrada que vostede di que está peor que mal, eu fun vela varias veces, que eu recorde agora mesmo tres, e iso de que está peor ca mal, cando vostede era Alcalde de Foz tiña camiños moito peores.

Pero, para darlle os datos, eu diríalle unha cousa, porque vostede dixo que está falando de película, eu diríalle que se deixe de facer películas; porque é certo que hai algunhas estradas provinciais que son moi graves, igual ca son algunhas da Xunta de Galicia ou son algunhas do Estado, pero isto tamén é parte da súa herdanza señor Castiñeira, porque o pasado mandato

vostedes, que cogobernaban de facto nesta Casa, sabémolo todos e non fai falla explicar o que ocorreu aquí, como se reunían e a qué acordos chegaban para o reparto dos Orzamentos e dos remanentes, vostedes promoveron créditos bancarios para aglomerados nalgunhas partes, esquecendo que o prioritario era bachear, e agora, porque é moi difícil facelo todo en pouco tempo, ocórreselles a vostedes que cada mes collen un concello para vir reivindicar iso que vostedes non fixeron.

Pero, señor Castiñeira, o que non vale, e isto dígollo con total seriedade, é a manipulación que están facendo en Carballedo, utilizando ós veciños por un Alcalde, que foi moito no seu Partido, pero que neste momento é un maniobrero políticamente, e voulle dicir porqué. Porque a historia do autobús que sae hoxe nos medios de comunicación foi preparado coma se fose para gravar unha película, por iso lle dicía o das películas.

En primeiro lugar o bache é pequeno e non pode quedar atascado alí ningún autobús, porque non fixo falta levar un guindastre para sacalo, logo como parou alí o autobús?, porque parou?, qué casualidade!.

En segundo lugar, o bache estaba sinalizado dende a pasada semana, con sinais na propia estrada, e fíxese vostede que na foto non saen eses sinais, que pasou con elas?, quen as quitou?.

En terceiro lugar, o autobús ten espazo máis que suficiente para pasar por alí sen meterse no bache.

En cuarto lugar, para que querían vostedes unha pá de man que aparece na foto ó lado do autobús?, cando esa pá de man non cava no asfalto para sacar o autobús dalí, porque a estrada é moito máis dura e cunha pá de man non se fai un buraco nunha carretera. É ridículo facer ese tipo de cousas e ese tipo de fotos, alo menos sacaran a pá dali.

E en quinto lugar, na zona do bache había un exceso de auga, e preguntámoslle ó concello por se había algún paso de auga naquel lugar, e dixeron que non. Sabe o que pasou?, que o concello mentiu, porque nunha resposta rápida a empresa de mantemento foi para alí pola tarde, abriron aquilo, saneárono, e, que curioso!, que a maquinaria atopou a tubería que pasaba cruzando a



estrada, por certo unha tubería que non ten permisos da Deputación; quen a puxo señor Castiñeira?, porque se derramaba esa auga para facer ese bache?.

E isto é a realidade dos feitos, e este é o espectáculo que vostede monta, vostede e o seu axudante o Alcalde de Carballedo. A mín iso pódolle asegurar que non me inflúe para nada; nós temos unha folla de ruta e iremos mellorando o maior número de estradas posible, tamén as de Carballedo. E xa lle podo dicir que xa teño encargado dende hai tempo, uns meses concretamente, o proxecto de bacheo e de reasignacións parciais onde faga falta, tamén alí en Carballedo. Pero se vostede o que vén pedir aquí é que asfaltemos en quente os catro mil quilómetros de estradas da Deputación de Lugo na provincia, xa lle digo que non, pode ir cambiando de disco porque xa lle digo que non.

E por último, por certo que o señor Alcalde curiosamente estaba moi preocupado polo autobús, e sabe o que fixo?, en vez de chamar á Deputación chamou á prensa, fíxese vostede o preocupado que estaba o Alcalde polo autobús. E, qué curioso!, había alí unha cámara para sacar a foto. E isto recórdame a unha actuación xudicial que cando chegaba a Televisión de Galicia aínda non chegara a policía.

Así que, señor Castiñeira, o Rogo está formulado, está contestado cos datos correctos e non co que din vostedes, e non hai nada máis que dicir sobre este asunto”.

Pide a palabra o señor Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Pido a palabra por alusión xa que vostede fixo acusacións graves”.

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Señor Castiñeira, non hai alusións para quen participa no debate”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.